IES " ISAAC DÍAZ PARDO" -

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

# CURSO 2022/2023

*O presente documento contén o desenvolvemento do currículo establecido de cada materia asignada ao Departamento didáctico segundo o Artigo 13 da RESOLUCIÓN do 17 de xuño de 2021, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2021/22 ,do currículo establecido no Decreto 86/2015 do 25 de xuño da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, nos centros docentes da comunidade autónoma de Galicia.*

**FRANCÉS LINGUA ESTRANXEIRA :........................................................ 6**

Introdución e contextualización.................................................................6

**FRANCÉS Lingua Estranxeira. Curso: 2º ESO........................................ 10**

a) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave .................. 10

b) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso ....................... 15

c) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de……………....16

**1.Temporalización** ..................................................................................... 16

**2. Grao mínimo de consecución para superar a materia**........................ 16

**3. Procedementos e instrumentos de avaliación** .................................. 16

c) Concrecións metodolóxicas que require a materia ................................ 30

d) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.............................. 32

e) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado...... 33

f) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente ........................................................................................................ 35

g) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes ............................................................................. 43

h) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.................................................................................................. 43

i) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados ........................... 44

j) Medidas de atención á diversidade........................................................ 45

k) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda ................................................................................................ 46

l) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico ............................................................................. 47

m) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora... 47

**FRANCÉS Lingua Estranxeira.................................................................... 54**

**4º ESO........................................................................................................ 54**

a) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave .................. 54

b) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso ....................... 59

c) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de: ................ 61
**1.Temporalización** ........................................................................... 62
**2.Grao mínimo de consecución para superar a materia** ......................... 62
**3.Procedementos e instrumentos de avaliación** .................................... 62
d) Concrecións metodolóxicas que require a materia ................................ 81
e) Materiais e recursos didácticos que se vaia utilizar................................ 83
f) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado...... 84
g) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente ............................................................................................ 86
h) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes ........................................................................ 96
i) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.......................................................................................... 97
j) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados ............................ 98
k) Medidas de atención á diversidade........................................................ 99
l) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda ..........................................................................................100
m) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico ........................................................................101
n) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora..102
**FRANCÉS Lingua Estranxeira.....................................................................109**
**Curso: 2º BAC ..........................................................................................109**
a) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave ..................109
b) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso .......................114
c) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de: ...............115
**1.Temporalización** ..........................................................................116
**2.Grao mínimo de consecución para superar a materia** ........................116
**3. Procedementos e instrumentos de avaliación** ..................................116
e) Concrecións metodolóxicas que require a materia ...............................139
f) Materiais e recursos didácticos que se vaia utilizar...............................141
g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....141

h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente ....................................................................................143
i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes ....................................................................153
j) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.............................................................................................154
k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados ...........................155
l) Medidas de atención á diversidade......................................................156
m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda ..........................................................................................157
n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico ...........................................................................158
ñ) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora..159

**CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO DE ESO E DE BACHARELATO ............................................166**
**ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ...................169**
**CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC DO CENTRO ............................................170**
**CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR DO CENTRO....................................171**
**ORGANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO.....................................................172**
**REFERENCIAS LEGAIS.-.........................................................................174**

# FRANCÉS  LINGUA ESTRANXEIRA :

## Introdución e contextualización

As linguas constitúen un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social , de investigación, de creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.
A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo; como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento.
Neste marco, a formación lingüística  no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, e tamén sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas.
Nos foros europeos recoñécese a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe para a inclusión social e o éxito escolar.

A educación plurilingüe e intercultural considera ,con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de xeito específico, os enfoques plurais, transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do seu repertorio lingüístico , discursivo, estratéxico e intercultural que posúe  e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas  dentro e fóra do ámbito educativo. Así o aprendiz plurilingüe realizará transferencias dos coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridas nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, senón que ademais, promove a tolerancia ante palabras descoñecidas.
No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas posibilita , por unha banda , que os contidos, as estratexias e os procesos traballados nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais. Xa que logo, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua, as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas, o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá  producilos en calquera lingua.
Finalmente, a situación de sociedade multilingüe  e plural en que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencia o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida , con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice, e que o faga consciente da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e para o éxito escolar.
Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas.
Ademais, nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras, que tamén son abordadas na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, xa que o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada.
Resulta obvio que para a posta en práctica destes currículos integrados e o logro dos obxectivos plurilingües e interculturais que se perseguen, o profesorado é un elemento determinante, xa que deberá potenciar unha metodoloxía adecuada para levar a cabo

enfoques comunicativos e proxectos plurais e transversais, promover a reflexión metacomunicativa e metalingüística e o contraste entre linguas.
As materias cuxos currículos se desenvolven ao abeiro desta introdución, as de linguas, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática,
lingüística, sociolingüística e literaria. Daquela, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para se desenvolver satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional.
Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo
e, posteriormente, ao longo da vida.
En definitiva, esta materia lingüística persegue o obxectivo último de contribuír á formación de cidadás e cidadáns cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións propias, claras e fundamentadas, e de sentir satisfacción, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia tanto de Primeira como de Segunda Lingua Estranxeira está organizada en cinco bloques que se corresponden coas actividades de lingua que, tal como as define o MCER, supoñen o exercicio da competencia lingüística comunicativa dentro
dun ámbito específico para procesar (en forma de comprensión ou de expresión) un ou máis textos co fin de realizar unha tarefa: comprensión de textos orais, produción de textos orais (expresión e interacción), comprensión de textos escritos e produción de textos escritos (expresión e interacción).
Para a súa realización, estas actividades requiren a competencia comunicativa, polo que se inclúe un quinto bloque no que se recollen os elementos que
abrangue a competencia comunicativa (lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos), así como as experiencias lingüísticas noutras linguas. Todos estes elementos do quinto bloque relaciónanse entre si e interactúan na realización das actividades lingüísticas comunicativas de comprensión, produción e interacción. Isto supón que, para cada tarefa comunicativa descrita nos estándares, cumprirá incorporarse o conxunto dos contidos recollidos no quinto bloque para a realización do bloque de actividade lingüística que corresponda. Da mesma maneira, para avaliar o grao de adquisición de cada estándar de aprendizaxe dunha determinada actividade de lingua, deberán aplicarse todos os criterios de avaliación recollidos e descritos para a actividade correspondente, así como aqueles do quinto bloque que correspondan.

**O IES Isaac Díaz Pardo** atópase en Sada , localidade moi cerca da cidade de A Coruña con uns 15000 habitantes, polo tanto podemos considerar que estamos nun contorno semi-urbano, feito que se manifesta loxicamente no tipo de alumnado matriculado no centro.
O centro conta con alumnado dos centros de Primairia adscritos: Sada e os seus contornos e Mondego; así mesmo en BACHARELATO recibe alumnado do IES Mosteirón e unha pequena porcentaxe de alumnos/as do CEIP de Bergondo.
O nivel sociocultural pode considerarse medio, xa que conviven moi diferentes tipos de núcleos familiares. A zona nútrese de familias que tradicionalmente viviron no pobo, doutras que proveñen da cidade e fixan inicialmente a súa segunda vivenda pero que teñen localizado o traballo na cidade e, finalmente temos unha porcentaxe bastante salientable de alumnos que proveñen doutros países e que se asentan aquí, fundamentalmente de América do Sur e de África, sobre todo de Senegal.
Algúns cursos escolares teñen contado coa presenza de alumnado xitano, dependendo sempre do vaivén de traballo das súas familias, feito que provoca que a mediados de

curso se poidan marchar. De todos xeitos este alumnado non cursa Francés LE nin como 1ª nin como 2ª Lingua.
Pero si queremos deixar constancia de que, dentro dese fluxo migratorio, estes últimos anos estamos recibindo alumnado de procedencia senegalesa; este feito provoca que cursen estudos de Primeira Lingua Estranxeira Francés, creando, ao sumarse ao alumnado da mesma que temos no centro, unha riqueza no discorrer das clases, pola súa aportación no que se refire á pronunciación, o acento e a aspectos dunha civilización nova e bastante descoñecida para o noso alumnado e profesorado.

Hai ensinanzas de ESO, Bacharelato e ESA. No que se refire ao Bacharelato temos que salientar que é o único Centro da zona que imparte ese tipo de ensinanza.
O instituto funciona con horario de mañá e unha tarde para ESO e BAC., e en horario de tarde para a ESA, o que fai que o horario sexa bastante amplo.
É frecuente que se reciba sobre un 20% de alumnos de outras nacionalidades que poden matricularse xa a principio de curso todos ou ben que van chegando como un pequeno goteo ó longo do curso.
Isto provoca que teñamos un tipo de alumnos con un nivel moi variado, feito que se manifesta con forza á hora de impartir as clases.
Esta situación faise tamén evidente á hora de elixir os itinerarios, as materias, etc.
De todos xeitos, a maioría dos alumnos, unha vez rematada a ESO e coa titulación na man, decántanse en primeira instancia polo Bacharelato, aínda que despois algúns fagan o cambio a Ciclos Formativos, sexan de Grao Medio ou Superior.

O contorno sociolingüístico que envolve ao Centro educativo, tomando como referencia o Proxecto Lingüístico do Centro (recentemente actualizado) indica que a maioría do noso alumnado desenvolve a súa vida tanto persoal como familiar e académica nun ambiente claramente castelán falante e favorable a esta lingua. A pesar de que as familias, en xeral, son bastante receptivas a que se impartan materias en lingua galega e teñen competencia na mesma (xa que estudaron a materia e teñen pais, avós, tíos, etc. que a utilizan), a comunicación cos fillos/as é maioritariamente en castelán.

No que se refire especificamente ás Linguas Estranxeiras, observamos que o nivel socio-cultural que teñen os alumnos favorece que queiran ter formación neste aspecto do seu currículo, posto que a posibilidade de continuar ou ampliar formación fóra do país é algo que teñen moi presente.
Neste sentido temos que dicir que a función do profesor de 2ª Lingua Estranxeira é moi importante para que os alumnos a sigan cursando ao longo da formación no Centro, xa que temos que lamentar que esta opción non sexa favorecida dende a Administración, deixando todo o protagonismo ao Inglés, lingua fundamental pero non a única que lles pode abrir portas en empresas de aquí ou en Europa.

Actualmente non temos grupo de francés 1ª lingua, como viña sendo habitual os anos anteriores. Pero non descartamos que poidan volver a formarse nun futuro, xa que, como indica a lei, ten que ofertarse a posibilidade de escoller unha primeira lingua a maiores do inglés, así como a posibilidade de cambiar de primeira lingua ao pasar ao Bacharelato

A nivel específico do propio Departamento de Francés queremos facer constar a nosa sorpresa e disgusto pola consideración que dende a Administración Educativa se lle está dando à 2ª Lingua Estranxeira Francés.
As mensaxes que se lle envían ao alumnado sobre lingua estranxeira fan referencia directamente ao Inglés, de feito fálase de Inglés e non de lingua estranxeira, discurso que consideramos debería de cambiar.
Certo é que neste momento e grazas ás demandas que tiñamos como profesorado de

Francés, agora xa é posible presentarse ás probas ABAU con esta materia. O alumnado que cursa estudos de segunda lingua Francés durante 6 cursos, pode ver unha posibilidade de que lle sexa valorada esa formación. Compre en todo caso seguir traballando dende os distintos ámbitos sobre a boa formación do noso alumnado en Linguas Estranxeiras.
De feito este pasado curso, o alumnado de 2ªLEF de 2º Bacharelato que se presentou ao exame de Francés das ABAU, superou a proba con cualificacións moi satisfactorias, tanto en 1ª como en 2ª LEF.

Dende fai varios cursos, o Departamento está animando e preparando ao alumnado para que se presente ás probas do DELF SCOLAIRE, na modalidade B1 e B2.
Dende o curso pasado, contando coas becas da consellería para a certificación de idiomas estranxeiros. O curso pasado, nos dous niveis, os resultados foron moi satisfactorios.

# FRANCÉS 2ª Lingua Estranxeira. Curso: 2º ESO

## a) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

As orientacións da Unión Europea insisten na necesidade da adquisición das competencias clave por parte da cidadanía, como condición indispensable para lograr que os individuos alcancen un pleno desenvolvemento persoal, social e profesional que se axuste ás demandas dun mundo globalizado e faga posíbel o desenvolvemento económico, vinculado ao coñecemento.

As competencias clave son esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a innovación, e descríbense os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha delas.

A proposta de aprendizaxe por competencias favorecerá, por tanto, a vinculación entre a formación e o desenvolvemento profesional e ademais facilitará a mobilidade de estudantes e profesionais.

As competencias clave no Sistema Educativo Español son as seguintes:

1. Comunicación lingüística
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
3. Competencia dixital
4. Aprender a aprender
5. Competencias sociais e cívicas
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
7. Conciencia e expresións culturais

En cada materia inclúense referencias explícitas acerca da súa contribución a aquelas competencias clave ás que se orienta en maior medida. Doutra banda, tanto os obxectivos como a propia selección dos contidos buscan asegurar o desenvolvemento de todas elas. Os criterios de avaliación serven de referencia para valorar o grao progresivo de adquisición.

### 1. Competencia en comunicación lingüística

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.
Con distinto nivel de dominio e formalización -especialmente en lingua escrita-, esta competencia significa, no caso das linguas estranxeiras, poder comunicarse nalgunhas delas e, con iso, enriquecer as relacións sociais e desenvolverse en contextos distintos ao propio. Así mesmo, favorécese o acceso a máis e diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.
En resumo, para o adecuado desenvolvemento desta competencia resulta necesario abordar a análise e a consideración dos distintos aspectos que interveñen nela, debido á súa complexidade. Para iso, débese atender aos cinco compoñentes que a constitúen e ás dimensións nas que se concretan:

– O compoñente lingüístico comprende diversas dimensións: a léxica, a

gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica

– O compoñente pragmático-discursivo contempla tres dimensións: a sociolingüística , a pragmática e a discursiva

– O compoñente sociocultural inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.

– O compoñente estratéxico permítelle ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a audición e a conversación, coma destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; tamén forman parte deste compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socio-afectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.

– O compoñente persoal intervén na interacción comunicativa en tres dimensións: a actitude, a motivación e os trazos de personalidade.

## 2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A competencia matemática implica a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Esta competencia require coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, as operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos.
O uso de ferramentas matemáticas implica unha serie de destrezas que requiren a aplicación dos principios e procesos matemáticos en distintos contextos.
Trátase da importancia das matemáticas no mundo e de utilizar os conceptos, procedementos e ferramentas para aplicalos na resolución dos problemas que poidan xurdir nunha situación determinada ao longo da vida.
A competencia matemática inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto aos datos e a veracidade.
Xa que logo, para o adecuado desenvolvemento da competencia matemática resulta necesario abordar catro áreas relativas aos números, a álxebra, a xeometría e a estatística, interrelacionadas de formas diversas, a través da cantidade, o espazo e a forma, o cambio e as relacións, e a incerteza e os datos.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interacción responsábel con el para a conservación e mellora do medio natural, a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico e capacitan a cidadáns responsábeis e respectuosos que desenvolven xuízos críticos sobre os feitos científicos e tecnolóxicos que se suceden ao longo dos tempos, pasados e actuais. Estas competencias han de capacitar para identificar, expor e resolver situacións da vida cotiá, igual que se actúa fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.
Para o adecuado desenvolvemento das competencias en ciencia e tecnoloxía resultan necesarios coñecementos científicos relativos á física, a química, a bioloxía, a xeoloxía, as matemáticas e a tecnoloxía. Así mesmo, hanse de fomentar as destrezas para utilizar e manipular ferramentas e máquinas tecnolóxicas, e utilizar datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo.
Hanse de incluír actitudes e valores relacionados coa asunción de criterios éticos asociados á ciencia e á tecnoloxía, o interese pola ciencia, o apoio á investigación

científica, a valoración do coñecemento científico, e o sentido da responsabilidade en relación á conservación dos recursos naturais, ás cuestións ambientais e á adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudábel nun contorno natural e social.
Os ámbitos que se deben abordar para a adquisición das competencias en ciencias e tecnoloxía son os sistemas físicos, os sistemas biolóxicos, os sistemas da Terra e do Espazo, e os sistemas tecnolóxicos.
Por último, a adquisición das competencias en ciencia e tecnoloxía require a formación e práctica na investigación científica e na comunicación da ciencia.

### 3. Competencia dixital

Esta competencia consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información até a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén, ter unha actitude critica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta socialmente acordadas para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia dixital resulta necesario abordar a información, a análise e a interpretación da mesma, a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas, tanto teóricos coma técnicos.

### 4. Aprender a aprender

Aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma, de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de se autoavaliar, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual. Todo iso desenvólvese, a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais coma colectivas.

### 5. Competencias sociais e cívicas

Estas competencias implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos, conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas.

En concreto, a competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo. Os elementos fundamentais desta competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de comunicarse dunha maneira construtiva en distintos contornos sociais e culturais, mostrar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía.

Así mesmo, esta competencia inclúe actitudes e valores como unha forma de colaboración, a seguridade nun mesmo e a integridade e honestidade.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís, así como da súa formulación na Constitución española, a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, rexional, nacional, europea e internacional.
As actitudes e valores inherentes a esta competencia son aqueles que se dirixen ao pleno respecto dos dereitos humanos e á vontade de participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, e implica manifestar o sentido da responsabilidade e mostrar comprensión e respecto dos valores compartidos, que son necesarios para garantir a cohesión da comunidade, baseándose no respecto dos principios democráticos.

Por tanto, para o adecuado desenvolvemento destas competencias é necesario comprender o mundo no que se vive, en todos os aspectos sociais, culturais e humanos do mesmo. Pero tamén incorporan formas de comportamento individual que capacitan ás persoas para convivir en sociedade.

### 6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A competencia "sentido de iniciativa e espírito emprendedor" implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

A adquisición desta competencia é determinante na formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.

Entre os coñecementos que require a competencia "sentido de iniciativa e espírito emprendedor" inclúese a capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia, resulta necesario abordar a capacidade creadora e de innovación, a capacidade proactiva para xestionar proxectos, a capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incerteza, as calidades de liderado e traballo individual e en equipo, e por último, o sentido crítico e da responsabilidade.

### 7. Conciencia e expresións culturais

Esta competencia implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.
Incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilizalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade coma doutras comunidades.

Por tanto, require de coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a escala local, nacional e europea e o seu lugar no mundo. Comprende a concreción da cultura en diferentes autores e obras, xéneros e estilos, tanto das belas artes coma doutras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia para a conciencia e expresión cultural resulta necesario abordar o coñecemento, estudo e comprensión de distintos estilos e xéneros artísticos e das principais obras e producións culturais e artísticas; a aprendizaxe das técnicas e recursos; o desenvolvemento da capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas, experiencias e emocións propias; a potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación propias de cada individuo de face á expresión das propias ideas e sentimentos; o interese, aprecio, respecto, goce e valoración crítica das obras artísticas e culturais; a promoción da participación na vida e a actividade cultural da sociedade na que se vive; e por último, o desenvolvemento da capacidade de esforzo, constancia e disciplina para a creación de calquera produción artística de calidade.

## b) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa

diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## c) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

### 1.Temporalización

### 2. Grao mínimo de consecución para superar a materia

### 3. Procedementos e instrumentos de avaliación

| | Lingua Estranxeira Francés 2º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | Bloque 1. Comprensión de textos orais | | | | | | |
| ▪ a<br>c<br>d<br>i | B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:<br>– Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto;<br>- Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.<br>- Identificación de palabras clave.<br>Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica)<br>Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.<br>Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os | B1.1. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal e pública moi básica (identificación persoal, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento e actividades na aula.<br>B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.<br>B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis salientables de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, onde e cando ocorre algo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas que posúen algo, obxectos e | SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | 1ª aval | SI | Exercice d´écoute |
| | | | SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | 1ª aval. | SI | Exercice d´écoute |
| | | | SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | 2ª aval. | SI | Exercice d´écoute |

| | Lingua Estranxeira Francés 2º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira.<br>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.<br>B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.<br>B1.4. Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, orixe, etc.). | lugares descritos cun vocabulario básico, etc.) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade.<br>B1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal e público moi elemental, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible. | SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | 3ª aval. | SI | Exercice d´écoute |
| | Bloque 2. Produción de textos orais | | | | | | |
| a<br>c<br>d<br>i | B2.1. Estratexias de produción:<br>– Planificación:<br>Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción.<br>Adecuación do texto ao destinatario, ao | B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.<br>B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse | SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. | CSIEE<br>CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | 1ª aval | SI | Production Orale |
| | | | SLEB2.2. Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas | CCL<br>CAA | 1ª aval. | SI | Production Orale |

| | Lingua Estranxeira Francés 2º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa<br>Execución:<br>Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.<br>Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.<br>Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.<br>Reaxuste da tarefa | entender.<br>B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas e cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.<br>B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais e bens e servizos moi elementais, utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos. | e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar. | CCEC<br>CD | | | |
| | | | SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | 2ª aval. | SI | Production Orale |
| | | | SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | 3ª aval. | SI | Production Orale |

| | Lingua Estranxeira Francés 2º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.<br>Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.<br>Lingüísticos:<br>Modificación de palabras de significado parecido.<br>Definición ou paráfrase dun termo ou expresión.<br>- Uso da lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta.<br>Petición de axuda.<br>- Paralingüísticos:<br>- Sinalización de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o | | SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiáns (horarios dun museo, maneira de chegar, etc.), en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | 3ª aval. | SI | Production Orale |

| | Lingua Estranxeira Francés 2º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | significado.<br>- Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).<br>- Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.<br>▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.<br>B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda e outras, igualmente cotiás moi básicas. | | | | | | |
| | Bloque 3. Comprensión de textos escritos | | | | | | |
| a<br>c<br>d<br>i | B3.1. Estratexias de comprensión:<br>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información | B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, aos títulos e a outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou sobre a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas | SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CSIEE | 1ª aval | SI | Lecture d´un texte et réponse à des questions |
| | | | SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas, | CCL | 1ª aval. | SI | Lecture d´un |

| | Lingua Estranxeira Francés 2º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.<br>Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).<br>Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).<br>Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.<br>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas.<br>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.<br>▪ B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e | que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.<br>B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas, e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles e traballadas previamente, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela e con apoio visual.<br>B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a coñecementos e experiencias propias da súa idade.<br>B3.4. Comprende textos propios de situacións cotiás próximas onde se dan a coñecer bens se servizos ou acontecementos (anuncios publicitarios elementais, folletos, catálogos, invitacións, etc.), e con apoio visual cando teña certa dificultade. | prohibicións e consignas básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual. | CAA<br>CCEC | | | texte et réponse à des questions |
| | | | SLEB3.3. Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos, preferencias e afeccións, referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade. | CCL<br>CAA<br>CCEC | 2ªaval. | SI | Lecture d´un texte et réponse à des questions |
| | | | SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | 3ª aval. | SI | Lecture d´un texte et réponse à des questions |

| | Lingua Estranxeira Francés 2º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | expresións orais coñecidas. | | | | | | |
| | Bloque 4. Produción de textos escritos | | | | | | |
| a<br>c<br>d<br>i | B4.1. Estratexias de produción:<br>– Planificación:<br>Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).<br>- Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).<br>- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.<br>- Execución:<br>- Elaboración dun borrador seguindo textos | ▪ B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.<br>B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.<br>B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata.<br>B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto. | SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CSIEE | 1ª aval. | SI | Production écrite très brève (réponses) |
| | | | SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súas afeccións. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | 1ªaval. | SI | Production écrite très brève (réponses) |
| | | | SLEB4.3. Escribe avisos, notas, instrucións, tarxetas postais, felicitacións, bandas deseñadas, tiras cómicas e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | 2ª aval. | SI | Petite composition |
| | | | SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (informar, preguntar, invitar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | 3ª aval. | SI | Production de lettres, cartes postales, mails, messages... |

| | Lingua Estranxeira Francés 2º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | modelo.<br>- Estruturación do contido do texto.<br>- Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.<br>- Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.<br>-- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.<br>- Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "paréceme ben", etc.).<br>- Revisión:<br>- Identificación de problemas, erros e | | limpa e ordenada. | | | | |

| | Lingua Estranxeira Francés 2º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | repeticións.<br>- Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.<br>- Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).<br>- Reescritura definitiva. | | | | | | |
| | Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe | | | | | | |
| a<br>c<br>d<br>i<br>o | B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.<br>– Sons e fonemas vocálicos.<br>Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.<br>Procesos fonolóxicos máis básicos.<br>Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.<br>▪ B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas.<br>– Uso das normas básicas de ortografía da palabra.<br>Utilización adecuada da | ▪ B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.<br>B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.<br>B5.3. Utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos | SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | 1ª aval. | SI | Lecture,<br>Identification et discrimination de sons avec des exercices |
| | | | SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | 1ª aval. | SI | Production orale |

| | Lingua Estranxeira Francés 2º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.<br>▪ B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:<br>– Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.<br>Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios | respectivos.<br>B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.<br>B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.<br>B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos de devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados en clase previamente. | SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | 2ª aval. | SI | Production écrite |
| | | | SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | 1ª,2ª,3ª aval. | SI | Projet interculturel |
| | | | SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente. | CCL<br>CAA<br>CCEC | 3ª aval. | SI | Production Orale et écrite |

| | Lingua Estranxeira Francés 2º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.<br>Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.<br>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.<br>▪ B5.4. Plurilingüismo:<br>– Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.<br>Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, | | | | | | |

| | Lingua Estranxeira Francés 2º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que se posúen como persoa plurilingüe.<br>▪ B5.5. Funcións comunicativas:<br>– Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.<br>Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.<br>Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.<br>Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.<br>Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza. | | | | | | |

## Contidos sintáctico-discursivos de Francés de 2º ESO:

**Expresión de relacións lóxicas:** conxunción (*et*); disxunción (*ou*); oposición (*mais*); causa (*comme*); finalidade (*pour*); comparación (*le plus, le moins*); consecuencia (*alors*); explicativas (*parce que*).

**Relacións temporais** (*d'abord, ensuite, il y a*).

**Exclamación** (*quel + nom !, désolé !*) ; interxección (*si! Bravo !*).

**Negación** (*pas de, rien*).

**Interrogación** (inversión (*V + Suj*.); *réponses (si, pron. tonique + oui/non*).

**Expresión do tempo:** presente; presente progresivo (*être en train de*); futuro (*futur proche*); aproximación ao passé composé (recoñecemento auxiliaires être/avoir) Introdución do condicional (fórmula de cortesía: *je voudrais*).

**Expresión do aspecto**: puntual (frases simples); habitual (frases simples + Adv. (ex: *souvent*); incoativo (*aller + Inf.*).

**Expresión da modalidade**: factualidade (*phrases déclaratives*); capacidade (*savoir*); posibillidade/probabilidade (*peut-être*); necesidade (il faut);obriga/prohibición (*il faut, verbe devoir, imperativo*); permiso (*pouvoir, demander*); intención/desexo (*je voudrais*) ; cortesía.

**Expresión da existencia** (*il y a, il n'y a pas*); da entidade (p. ex. *articles contractés, pronoms réfléchis, adjectifs démonstratifs*); a posesió (adxectivos posesivos dun e de varios propietarios);a cualidade (formación regular e irregular dos adxectivos).

**Expresión da cantidade**: (plurais irregulares; números cardinais ata catro cifras; números ordinais ata dos cifras; *articles partitifs*).

**Adverbios de cantidade e medidas** (*un (tout petit) peu, trop, pas assez + Adj., une boîte, un paquet*); o grao.

**Expresión do espazo** *(prépositions et adverbes de lieu (sur, sous,…), position, distance, mouvement, direction, provenance (venir + contraction de), destination (aller + contraction à)*.

**Expresión do tempo**: puntual (*demain matin, jeudi soir*) divisións *(en (année));* indicacións de tempo (*demain, hier*);duración (*de…jusqu'à, en ce moment*); anterioridade (*il y a*…); posterioridade (*après*); secuenciación (*à partir de*); frecuencia (*d'habitude, une/deux/… fois par…).*

**Expresión do modo.**

## c) Concrecións metodolóxicas que require a materia

Todo proceso de ensino-aprendizaxe debe partir dunha planificación rigorosa do que se pretende conseguir, tendo claro cales son os obxectivos ou metas, que recursos son necesarios, que métodos didácticos son os máis adecuados e como se avalía a aprendizaxe e se retroalimenta o proceso.
A natureza da materia, as condicións socioculturais, a dispoñibilidade de recursos e as características dos alumnos e alumnas condicionan o proceso de ensino-aprendizaxe, polo que será necesario que o método seguido polo profesor se axuste a estes condicionantes co fin de propiciar unha aprendizaxe competencial no alumnado.
Os métodos deben partir da perspectiva do docente como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado; así mesmo, deben ter en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.
No actual proceso de inclusión das competencias como elemento esencial do currículo, é preciso sinalar que calquera das metodoloxías seleccionadas polos docentes para favorecer o desenvolvemento competencial dos alumnos e alumnas se debe axustarao nivel competencial inicial destes. Ademais, é necesario secuenciar o ensino de tal modo que se parta de aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara a outras máis complexas.
Un dos elementos clave no ensino por competencias é espertar e manter a motivación cara á aprendizaxe no alumnado, o que implica unha nova formulación do papel do alumno, activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe.
Os métodos docentes deberán favorecer a motivación por aprender nos alumnos e alumnas e, para tal fin, os profesores deben ser quen de xerar neles a curiosidade e a necesidade por adquirir os coñecementos, as destrezas e as actitudes e valores presentes nas competencias. Así mesmo, co propósito de manter a motivación por aprender, é necesario que os profesores procuren todo tipo de axudas para que os estudantes comprendan o que aprenden, saiban para que o aprenden e sexan quen de usar o aprendido en distintos contextos dentro e fóra da aula.
Para potenciar a motivación pola aprendizaxe de competencias requírense, ademais, metodoloxías activas e contextualizadas. Aquelas que faciliten a participación e implicación do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos en situacións reais serán as que xeren aprendizaxes máis transferibles e duradeiras.
A selección e uso de materiais e recursos didácticos constitúe un aspecto esencial da metodoloxía. O profesorado débese implicar na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais.
Aprender unha lingua estranxeira é un proceso complexo que lle esixe ao alumnado a realización dunha enorme serie de accións encadeadas (observar, recoñecer, efectuar hipóteses, inferir, deducir, transferir...) que lle afectan moi directamente e o implican como persoa.
Cando este proceso ten lugar con alumnos adolescentes , aparece con frecuencia unha dificultade engadida: a falta de motivación e o medo ao ridículo na interacción grupal ao usar unha lingua que non dominan. De aí a importancia da creación dun ambiente de traballo distentido e relaxado na aula de lingua estranxeira que facilite as actividades que se van a realizar.
Aprender unha lingua estranxeira supón un longo percorrido , en moitos casos con numerosas paradas e algúns retrocesos, posto que , aínda que a finalidade desta aprendizaxe sexa a mesma para todos os alumnos ( comprender, ler, escribir e falar) os

profesores sabemos ben que non todas as persoas aprenden de igual modo nin á mesma velocidade.
Para conducir o alumnado de maneira eficaz e poder facilitar a súa aprendizaxe, o profesor ten que ser consciente e coñecedor dos diferentes ritmos e dos diferentes estilos de aprender presentes na aula. Así poderá axudarlle a cada alumno do grupo na construción da súa propia representación do mundo en relación coa lingua estranxeira.
Con este tipo de interacción profesor/alumno, o docente convertese en guía do aprendiz ao longo do seu itinerario escolar, ata que el mesmo atoe de forma autónoma o camiño persoal máis adecuado ao percorrido que lle falta para chegar a conseguir a competencia comunicativa.
O profesor ten ,polo tanto, un papel importante na aprendizaxe:

*o de **descubrir os coñecementos previos** das estruturas relacionadas coa lingua que o alumno posúe( non hai que esquecer que é a terceira ou cuarta lingua que aprenden os nosos alumnos)

*o de **construír sobre eles as novas aprendizaxes.**

O profesor colabora axudando a que os alumnos ancoren nos seus coñecementos previos as recentes adquisicións lingüísticas, discursivas e culturais relacionándoas co seu mundo e volvéndoas significativas.
Conseguir esta ancoraxe leva consigo todo tipo de tarefas: xestionar, planificar, dinamizar, crear un ambiente propicio, conducir, aconsellar e valorar cada unha das actividades que se levan a cabo na aula ... pero sobre todo proporcionarlle ao alumnado un enfoque emocional positivo da cultura, da xente e dos países onde se fala a lingua que estudan.
Posto que aprender unha lingua estranxeira tamén é un proceso de apropiación dunha realidade diferente á propia, esta experiencia debe ter un sentido para o alumno e debe estar claramente construída sobre o seu contexto e relacionada co contexto no que viven outros adolescentes doutras partes do mundo. Así,o profesor espertará no seu alumnado o desexo de aprender a comunicar para coñecer os demais e para que os demais poidan coñecelos a eles.
Velaquí a idea clave e a razón da variadísima oferta de documentos e soportes de todo tipo que, partindo da observación e da busca de información, traballen e avalían a práctica das habilidades, das destrezas, e o coñecemento do mundo francófono e a súa cultura e a reflexión sobre a lingua como sistema e instrumento de comunicación.

## d) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar

A selección e uso de materiais e recursos didácticos constitúe un aspecto esencial da metodoloxía. O profesorado débese implicar na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais.

**COMPOÑENTES DO MÉTODO**

Durante o 3º trimestre do curso 2019/20 produciuse un feito inesperado e excepcional, que foi a declaración do estado de alarma por causa da **COVID-19**. Ante esa situación o profesorado do departamento viuse na obriga de acudir ao apoio dos instrumentos que poñía E-DIXGAL ao seu servizo.
A final de curso, e ante a perspectiva de que a situación non mellorase ostensiblemente de cara ao 2020/21, as persoas do departamento con carácter definitivo no centro, tomaron a decisión de desbotar o libro de texto para os niveis de **1º e 2º de ESO e acollerse á plataforma E-DIXGAL.**
De maneira que durante este presente curso, tanto en 1º como en 2º de ESO, seguiremos unha combinación dos métodos que propón a plataforma e que complementaremos con materiais de elaboración propia; a nosa guía para a impartición dos coñecementos será o **método NETEX**, que ten como autora a Elisabeth de Carvalho Oliveira.

**O método estrutura a materia nos seguintes apartados:**

**-COMMUNICATION**
**-GRAMMAIRE**
**-LEXIQUE**
**-CULTURE ET CIVILISATION**

**O Método consta de 6 unidades, repartidas do seguinte xeito:**

**1º TRIMESTRE: Unités 0,1**
**2º TRIMESTRE: Unités 2,3**
**3º TRIMESTRE: Unités 4,5**
**A unidade 6 non se verá neste curso (os contidos de Netex son moi extensos e non se axustan á temporalización da materia, dúas sesións por semana)**

A estruturación da materia estará pensada seguindo o ritmo de traballo de cursos precedentes: partindo dun punto determinado de coñecemento da lingua, en base á información recollida na Memoria do curso anterior e na Acta final onde se fai unha especie de "reflexión" sobre o curso e se comenta se quedou materia sen ver, se a adquisición dos conceptos e o manexo de procedementos é a adecuada para continuar no seguinte curso, etc., iremos avanzando ata chegar aos coñecementos e estándares establecidos para o 1º Trimestre e así co resto dos mesmos.

O material aloxado en E-DIXGAL se complementará con aquel que o profesorado do nivel poida elaborar en caso de consideralo necesario. Do mesmo xeito botarase man dos recursos de diferentes páxinas webs que contan con todo tipo de actividades da

materia, tipo LE POINT DU FLE, TV5MONDE, ZEXPERTS (plataforma de FLE con actividades secuenciadas)
Para fomentar a gamificación na materia de francés, empregaranse plataformas/aplicacións que permitan elaborar xogos co fin de mellorar a competencia lingüística e cultural do noso alumnado, como KAHOOT, LYRICS TRAINING, BAAMBOOZLE, PLICKERS, JEOPARDY, etc.

## e) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Tódolos alumnos deberán:

1. Mostrar interese e ter unha actitude positiva cara a materia

2. Facer os exercicios de/na clase e os deberes que se lles propoñen para a casa.

3. Traer sempre o material: ordenador, caderno, bolígrafo, lapis etc.
4. Participar o mais activamente posible nas actividades propostas polo profesor na aula.

**INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Observación directa en clase: dela dedúcese a disposición do alumno cara ao traballo tanto individual como en equipo, a constancia, o interese e a predisposición a observar as normas.

Probas escritas: Realizaranse varias probas escritas ao longo do curso . Versarán sobre todos os contidos gramaticáis e lexicáis tratados ata o momento da súa realización.

Probas de expresión, comprensión oral e comprensión escrita: Realizarase unha ou varias probas orais en cada avaliación, que poden consistir en: presentacións presenciáis na aula (individuáis ou en grupo), presentacións dixitáis en formato de vídeo ou audio (individuáis ou en grupo). Realizarase unha proba de comprensión oral e de comprensión escrita por trimestre.

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

- Os alumnos terán 3 AVALIACIÓNS e unha AVALIACIÓN FINAL

Para **OBTER A NOTA** de cada avaliación farase a media ponderada das cualificacións obtidas ao longo do trimestre, valorándoas do seguinte xeito:

- Nota Media das probas de gramática e vocabulario ...... 55 %
- Nota Media das probas de comprensión oral, escrita e expresión oral ..... 40 %
- Actitude de cara a materia (traballo na clase e na casa, participación) …. 5%

Unha vez achada a nota de cada avaliación parcial ou a nota da avaliación final, e en caso de non obter unha cifra exacta senón con decimais, o REDONDEO farase

atendendo à disposición do alumno cara a materia, ao traballo, á atención, á participación, ao interese, etc., **e sempre a partir de 0,6**.

**NOTA**: En caso de detectar que o alumno está realizando unha proba de xeito fraudulento ou, simplemente, copiando por un compañeiro, o profesor procederá a retirarlle o exame . A cualificación do mencionado exame será de 0 nesa proba e fará media co resto dos exames e probas do trimestre.

**A NOTA FINAL DA MATERIA** obterase aplicando as porcentaxes que se detallan a continuación sobre a nota de cada unha das avaliacións parciais.

Nota da 1ª avaliación : ........... 25%

Nota da 2ª avaliación :............ 35%

Nota da 3ª avaliación :.............40%

**O alumnado que teña de media unha nota inferior a 4,5** (despois de facer a media ponderada das tres avaliacións) deberá realizar unha proba de recuperación da materia cos contidos mínimos esixibles para obter a nota final. Esa proba realizarase a finais de xuño, despois dos exames da terceira avaliación e antes da avaliación final.

## f) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

Os docentes avalían tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, a través dos indicadores de logro incorporados na programación docente.

Os Estándares de Aprendizaxe, considerados como concrecións dos Criterios de Avaliación do Currículo de cada área ou materia, permítennos definir os resultados da aprendizaxe e concretar o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada materia. Os indicadores de logro permítennos avaliar en catro niveis as aprendizaxes que o alumnado consolidou respecto aos obxectivos marcados en cada Estándar.

Este feito permítelle ao docente, ao mesmo tempo, avaliar os resultados das estratexias e medidas educativas que adoptou ao longo da súa práctica educativa para facilitar que o alumnado acade os obxectivos establecidos en cada Estándar de aprendizaxe.

A avaliación tanto dos procesos de aprendizaxe do alumnado como da propia práctica docente será continua. A avaliación docente terá, á súa vez, como obxectivo adaptar as estratexias educativas adoptadas ao longo do curso ás necesidades específicas do alumnado.

Os indicadores de logro permiten, neste sentido, identificar os coñecementos, capacidades, competencias... que en relación a un alumno individual ou ao conxunto da clase deben ser consolidados, permitindo adaptar a práctica educativa ás necesidades específicas dos alumnos para que poidan alcanzar as ensinanzas establecidas nos correspondentes estándares de aprendizaxe.

En relación á práctica docente os indicadores de logro permiten valorar:

– Se se está cumprindo coa planificación: actividades, tempos, responsabilidades,…

– Se existe desviación entre o obxectivo definido e a acción ou accións deseñadas para conseguilo.

– Se se están conseguindo outras cousas distintas ás planificadas intencionalmente.

– Se se está progresando na liña definida no obxectivo.

– Se os resultados obtidos xeran satisfacción nos implicados

Dentro do proceso de ensino e aprendizaxe, o equipo docente de cada grupo do alumnado celebrará sesións de avaliación para valorar tanto as aprendizaxes do alumnado, como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

O equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis adecuadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais que permitan salientar as dificultades.

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | BLOQUE 1:Comprensión de Textos Orais | | | |
|---|---|---|---|---|
| | INDICADORES DE LOGRO | | | |
| | En vías de adquisición NIVEL 1 | Adquirido NIVEL 2 | Avanzado NIVEL 3 | Excelente NIVEL 4 |
| 1. Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara (p. e. en estacións ou aeroportos), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado. | Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara con dificultade e con necesidade de repeticións e con apoio xestual. | Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara con algunha dificultade e con necesidade de repeticións. | Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara sen ningunha dificultade e con necesidade de repeticións. | Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e claras en ningunha dificultade e sen necesidade de repeticións. |
| 2. Entende os puntos principais do que se lle di en transacciόns e xestións cotiás e estruturadas (p. e. en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros de estudos). | Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas con bastante dificultade e con necesidade de repeticións e con apoio xestual. | Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas con apoio visual e con necesidade de repetición. | Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas con apoio visual e sen necesidade de repetición. | Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estrutura dase sen necesidade de repetición. |
| 3. Comprende, nunha conversación informal na que participa, descricións, narracións e opinións formulados en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente e se o | Ten dificultade en identificar as ideas principais nunha conversación informal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición. | Identifica as ideas principais nunha conversación informal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición. | Identifica as ideas principais nunha conversación informal con apoio visual e xestos, sen necesidade de repetición. | Identifica as ideas principais nunha conversación informal sen apoio visual nin xestos. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| interlocutor está disposto a repetir ou reformular. | | | | |
| 4. Comprende, nunha conversación formal na que participa (p. e. nun centro de estudos), preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo. | Ten dificultade en identificar as ideas principais nunha conversación formal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición. | Identifica as ideas principais nunha conversación formal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición. | Identifica as ideas principais nunha conversación formal con apoio visual e xestos, sen necesidade de repetición. | Identifica as ideas principais nunha conversación formal sen apoio visual nin xestos. |
| 5. Identifica as ideas principais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese articulados con lentitude e claridade (p. e. noticias ou reportaxes breves), cando as imaxes constitúen gran parte da mensaxe. | Ten dificultades en identificar as ideas principais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese con necesidade destes apoios: visual, xestos e repeticións. | Sabe identificar o sentido global e as informacións esenciais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese con necesidade destes apoios: visual, xestos e/ou repeticións. | Sabe identificar o sentido global e as informacións esenciais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese con necesidade de polo menos un destes apoios: visual, xestos ou repeticións | Sabe identificar o sentido global e as informacións esenciais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese sen necesidade de apoio visual, xestos nin repeticións. |

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | BLOQUE 2:Produción De Textos Orais: Expresión e Interacción | | | |
|---|---|---|---|---|
| | INDICADORES DE LOGRO | | | |
| | En vías de adquisición NIVEL 1 | Adquirido NIVEL 2 | Avanzado NIVEL 3 | Excelente NIVEL 4 |
| 1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, sobre aspectos concretos de temas xerais ou relacionados con aspectos básicos dos seus estudos, e responde preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o seu contido se se articulan clara e lentamente. | Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, e responde preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o seu contido dunha maneira pouco clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, e responde preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o seu contido dunha maneira clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, e responde preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o seu contido dunha maneira clara, con algunhas pausas, sen necesidade de repeticións e con apoio de xestos. | Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, e responde preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o seu contido dunha maneira clara utilizando expresións previamente traballadas e apoiándose en xestos. |
| 2. Desenvólvese coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento). | Desenvólvese con dificultade en xestións e transaccións cotiás, dunha maneira pouco clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Participa en interaccións sinxelas aparecendo nelas numerosos aspectos sociolingüísticos básicos comparando coa cultura francesa dunha maneira clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Participa en interaccións sinxelas aparecendo nelas numerosos aspectos sociolingüísticos básicos comparando coa cultura francesa dunha maneira clara, con algunhas pausas, sen necesidade de repeticións e con apoio de xestos. | Participa en interaccións sinxelas aparecendo nelas numerosos aspectos sociolingüísticos básicos comparando coa cultura francesa dunha maneira clara utilizando expresións previamente traballadas e apoiándose en xestos. |
| 3. Participa en conversacións informais breves, cara a cara ou por teléfono ou outros medios | Participa en conversacións cara a cara con algunha | Participa en conversacións cara a cara con algunha | Participa en conversacións cara a cara dunha maneira | Participa en conversacións cara a cara dunha maneira totalmente comprensible con correctos patróns |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións de maneira sinxela e breve, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta. | dificultade na comprensión e con problemas no uso de patróns sonoros, rítmicos e de entoación adecuados. | dificultade na comprensión pero cun uso de patróns sonoros, rítmicos e de entoación adecuados. | comprensible con patróns sonoros, rítmicos e de entoación adecuados. | sonoros, rítmicos e de entoación adecuados. |
| 4. Desenvólvese de maneira simple nunha conversación formal ou entrevista (p. e. para realizar un curso de verán), achegando a información necesaria, expresando de maneira sinxela as súas opinións sobre temas habituais, e reaccionando de forma simple ante comentarios formulados de maneira lenta e clara, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita. | Desenvólvese con dificultade nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira pouco clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Desenvólvese nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Desenvólvese con dificultade nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira clara, con algunhas pausas, sen necesidade de repeticións e con apoio de xestos. | Desenvólvese con dificultade nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira clara utilizando expresións previamente traballadas e apoiándose en xestos. |

| **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLE** | **Bloque 3: Comprensión de textos escritos** | | | |
|---|---|---|---|---|
| | **INDICADORES DE LOGRO** | | | |
| | **En vías de adquisición**<br>**NIVEL 1** | **Adquirido**<br>**NIVEL 2** | **Avanzado**<br>**NIVEL 3** | **Excelente**<br>**NIVEL 4** |
| 1. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián (p. e. unha máquina expendedora), así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de | Identifica con dificultade instrucións xerais, con axuda da imaxe. | Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais. | Identifica, sen ningunha dificultade, instrucións xerais con axuda da imaxe. | Identifica, sen apoio de imaxes, instrucións xerais. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| seguridade básicas (p. e. nun centro de estudos). | | | | |
| 2. Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato na que se fala dun mesmo; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos pasados, e se expresan de maneira sinxela sentimentos, desexos e plans, e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. | Identifica con dificultade a función comunicativa de correspondencia persoal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras, en textos breves e sinxelos escritos de temas familiares ou da súa contorna. | Identifica a función comunicativa de correspondencia persoal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos breves e sinxelos escritos de temas familiares ou da súa contorna. | Identifica a función comunicativa e comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras e frases en textos breves e sinxelos escritos de temas familiares ou da súa contorna. | Identifica a función comunicativa e comprende sen ningunha dificultade correspondencia persoal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras e frases en textos breves e sinxelos escritos de temas familiares ou da súa contorna. |
| 3. Entende a idea xeral de correspondencia formal na que se lle informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (p. e. sobre un curso de verán). | Identifica con dificultade a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras, en textos breves e sinxelos escritos de temas familiares ou da súa contorna. | Identifica a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos breves e sinxelos escritos de temas familiares ou da súa contorna. | Identifica a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos breves e sinxelos escritos de temas familiares ou da súa contorna. | Identifica a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos breves e sinxelos escritos de temas familiares ou da súa contorna. |
| 4. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos moi breves en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen gran parte da mensaxe. | Recoñece con moitas dificultades palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con moita axuda visual e contextual para identificar o sentido global e o tema. | Recoñece con pouca dificultade palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con bastante axuda visual e contextual para identificar o sentido global e o tema. | Recoñece con pouca dificultade palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con pouca axuda visual e contextual para identificar o sentido global e o tema. | Recoñece sen ningunha dificultade palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con pouca axuda visual e contextual para identificar o sentido global e o tema. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese (p. e. sobre unha cidade), sempre que poida reler as seccións difíciles. | Identifica con bastante dificultade palabras e frases en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas familiares para a comprensión do sentido global e información esencial do texto. | Entende con dificultade información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados para a comprensión do sentido global e información esencial do texto. | Identifica con pouca dificultade información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados para a comprensión do sentido global e información esencial do texto. | Identifica sen ningunha dificultade información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados para a comprensión do sentido global e información esencial do texto. |

| **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** | **BLOQUE 4:Produción de Textos Escritos: Expresión e Interacción** | | | |
|---|---|---|---|---|
| | **INDICADORES DE LOGRO** | | | |
| | **En vías de adquisición**<br>**NIVEL 1** | **Adquirido**<br>**NIVEL 2** | **Avanzado**<br>**NIVEL 3** | **Excelente**<br>**NIVEL 4** |
| 1. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou afeccións (p. e. para asociarse a un club internacional de mozos). | Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa os seus intereses ou afeccións marcando con moita dificultade os datos ou outro tipo de información persoal. | Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa os seus intereses ou afeccións marcando con algunha dificultade os datos ou outro tipo de información persoal. | Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa os seus intereses ou afeccións marcando sen dificultade os datos ou outro tipo de información persoal. | Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa os seus intereses ou afeccións marcando case na súa totalidade os datos ou outro tipo de información persoal. |
| 2. Escribe notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), nos que fai comentarios moi breves | Escribe con moita dificultade notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), nos que | Escribe notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), nos | Escribe notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), nos | Escribe sen dificultade notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), nos que realiza |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía e da netiqueta máis importantes. | realiza comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións utilizando poucas das estruturas dadas. | que realiza comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións utilizando con algunha dificultade as estruturas dadas. | que realiza comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións utilizando as estruturas dadas. | comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións utilizando na súa totalidade as estruturas dadas. |
| 3. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (p. e. con amigos noutros países), se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (p. e. cancelan, confirman ou modifican unha invitación ou uns plans). | Escribe a partir dun modelo correspondencia persoal breve con moita dificultade. | Escribe a partir dun modelo correspondencia persoal breve utilizando un léxico adecuado pero con dificultade. | Escribe a partir dun modelo correspondencia persoal breve utilizando un léxico adecuado. | Escribe a partir dun modelo correspondencia persoal breve sen dificultade e utilizando un repertorio de léxico adecuado case na súa totalidade. |
| 4.Escribe correspondencia formal moi básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, e observando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos. | Escribe a partir dun modelo correspondencia formal moi básica e breve con moita dificultade. | Escribe a partir dun modelo correspondencia formal moi básica e breve utilizando un léxico adecuado pero con dificultade. | Escribe a partir dun modelo correspondencia formal moi básica e breve utilizando un léxico adecuado. | Escribe a partir dun modelo correspondencia formal moi básica e breve sen dificultade e utilizando un repertorio de léxico adecuado case na súa totalidade. |

## g) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Por cada unha das avaliacións a Xefa de departamento faralle entrega ao alumno/a coa materia pendente un bloque de **exercicios correspondente aos contidos mínimos** das unidades de cada avaliación.

A materia será dividida **en dúas** partes correspondentes ás 6 unidades do libro de referencia; polo tanto **corresponden 3 unidades por cada Avaliación** de Pendentes.

Se os alumnos logran aprobar cada unha das partes ao longo do curso non será preciso que se presenten ao exame final.

En caso de non conseguir superar a materia nestas dúas probas deberán presentarse **ao exame final, que será no mes de maio**. Esta proba será un exame propiamente dito.
**A nota mínima que deberán acadar os alumnos para superar a materia é un 5.**

O plan de pendentes personalizado quedará reflectido no **informe do plan de reforzo para alumnado con materias pendentes**, según a *orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (Artigo 51)*

## h) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato

Non procede.

## i) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

A avaliación inicial faise normalmente no primeiro mes do curso escolar, con lixeiras variacións nas datas segundo a organización proposta pola Dirección do Centro.

Esta avaliación farase mediante a observación directa na clase a través de actividades variadas que impliquen as distintas competencias (expresión oral, comprensión oral, expresión escrita e comprensión escrita).

Unha vez valorados os resultados adóptanse as medidas oportunas tanto individuais como colectivas.

O profesorado de Linguas Estranxeiras está moi habituado a diferencias importantes de nivel, tanto na propia aula como entre os distintos grupos do mesmo nivel. Se é preciso unha atención colectiva, inténtase adecuar o nivel de todo o grupo ós coñecementos que teñen , e seguir un ritmo adecuado ata acadar o nivel requirido. En caso de detectar problemas a nivel individual, faise un seguimento máis personalizado daqueles alumnos que teñan un nivel inferior. É interesante valorar a posibilidade de que eses alumnos se coloquen con aqueles da clase que teñan un nivel máis alto e que poidan axudalos no discorrer da clase.

## j) Medidas de atención á diversidade

Nas medidas de atención a diversidade desta etapa teremos en conta a diversidade existente na aula en canto ao nivel de coñecementos e ao grado de facilidade para a aprendizaxe que teñen os alumnos.

Como punto de partida tomamos en conta catro ámbitos de diversidade:

-**A capacidade de aprender:**

Cada alumno ten o seu propio ritmo de aprendizaxe. Partimos da base de que todos son capaces de alcanzar un nivel mínimo, sempre que sigan un ritmo sostido de traballo, que pode ser diferente para cada un. Faremos un repaso continuo de estruturas e de vocabulario, dando tarefas con diferentes niveis de dificultade para poder integrar aos distintos tipos de alumnos/as.

- **A motivación para aprender:**

A motivación do alumno/a para aprender é moi diversa, sobre todo cando se trata dun idioma , xa que depende moito do historial de éxito ou de fracaso que tivese ata ese momento. En moitas ocasións, a motivación está directamente condicionada polo ambiente e polo contexto no que os alumnos se desenvolven.
Para elo seleccionaremos temas que fagan posible a implicación emocional do alumno, dado o noso convencemento de que cando se apela ao que directamente lles afecta ou lles interesa, a resposta ante o estimulo está asegurada.

- **Os estilos de aprendizaxe:**

Como ben é sabido, o alumno pode ser reflexivo ou impulsivo cando se enfronta ás súas tarefas escolares. Algúns alumnos poden reaccionar moi rapidamente e non obstante necesitar varios intentos para asimilar unha idea, mentres que outros poden traballar máis a conciencia e aprender máis amodo conseguindo o mesmo resultado.
Pensando nos diferentes estilos e niveis de desenvolvemento das capacidades de aprendizaxe deseñaremos varios tipos de actividades que den cabida aos distintos estilos de aprendizaxe, enmarcadas nunha secuencia de estratexias para que desenvolvan a súa autonomía en cada destreza comunicativa.
Por iso desde o principio fomentaremos a reflexión dos alumnos sobre a súa propia aprendizaxe, para que sexan conscientes do seu progreso e tamén aprendan de xeito máis efectivo, isto implica unha maior motivación e responsabilidade por parte do alumno.

- **Os intereses dos alumnos:**

Está comprobado que os intereses dos alumnos se diversifican moito máis en Bacharelato. O seu interese por aprender un idioma varía moito dependendo da súa motivación e/ou necesidade de facelo. Por iso trataremos unha gran variedade de temas, intentando que sexan de interese para unha gran maioría.
Ademais, levarase a cabo unha coidadosa selección de funcións co fin de que as poidan poñer en práctica nun futuro próximo, tales como as necesarias para responder un test de cultura xeral, manter unha conversacións informais entre a mocidade, escribir correos electrónicos, entender a xente da súa idade doutros países.

## k) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

2. Fomentarase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

3. Fomentarase as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

4. No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

## l) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico

- Intercambio en liña co alumnado do Collège Guynemer de Nancy.
- Xogo de pistas por Sada para traballar o léxico e as estructuras lingüísticas da cidade e das direccións.
- Actividade sobre a Chandeleur (crêpes)
- Actividade na semana da francofonía (selección de cancións en francés para poñer nun recreo)

## m) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Ao longo do curso nas reunións de departamento comentaranse o grao de consecución dos criterios de avaliación cos seus correspondentes estándares de aprendizaxe desta materia e constarán en acta as posibles modificacións.

Xunto con estas reflexións e acordos tomados polos membros do departamento durante o curso, ao final do mesmo os profesores cumprimentaran o **anexo II** valorando libro de texto, actividades realizadas, e o **anexo III**, relacionado cos obxectivos alcanzados, materia impartida e as cualificacións dos diferentes grupos.

Ademais pasaremos unha enquisa ós alumnos , **anexo I** , onde valorarán ó seu profesor e a materia impartida ó longo do curso.

A memoria final de curso será tamén un instrumento para concretar os principais problemas e boas prácticas en relación á programación.

Con todos estes datos os membros do departamento tomarán acordos e realizarán as modificacións pertinentes que se deberán incluír na programación do vindeiro curso.

# ANEXO I DEP. FRANCÉS

IES ISAAC DÍAZ PARDO. SADA

## Cuestionario de avaliación Curso: Grupo:

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1. Valora esta materia de 0 a 10 (Segundo o que che guste ou interese) | | Razóns: | | | | |
| 2. Coidas que aprendiches | nada | algo | pouco | bastante | moito | Porque… |
| 3. A materia resultouche | moi difícil | difícil | normal | fácil | moi fácil | Porque… |
| 4. O teu rendemento foi | nulo | escaso | suficiente | alto | moi alto | Porque… |
| 5.Traballaches | nada | pouco | o xusto | bastante | moito | Porque… |
| 6. Consideras que as explicacións do profesor/profesora foron | moi malas | malas | normais | boas | moi boas | Porque… |
| 7. As relacións e o trato co profesor/profesora foron | moi malas | malas | normais | boas | moi boas | Porque… |
| 8. Coidas que fuches avaliado, segundo os coñecementos e esforzo | moi mal | mal | regular | ben | moi ben | Porque… |
| 9. Recibiches por parte do profesor /profesora unhas instrucións | Insuficientes | | | Suficientes, pero mellorables | | Amplas, detalladas e precisas |
| 10. Con respecto ós exames e probas propostas (SI / NON nas casillas) | Fuches informado/a con tempo suficiente para preparalos | | | O seu contido e dificultade axustouse á materia traballada en clase perante a avaliación | | Entregáronche corrixidos e avaliados conforme os criterios establecidos con anterioridade |
| 11. Indica cales dos aspectos traballados durante o curso te resultaron mais difíciles | | | | | Porque… | |
| 12. Indica as suxerencias que estimes oportunas para mellorar o tu rendemento nesta materia | Que crees que deberías facer ti | | | | Que crees que debería facer o Profesor/Profesora | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 13. Consideras que o teu nivel de expresión oral en francés é | Baixo | | Medio | Alto |
| 14. Consideras que a túa expresión escrita en francés é | Baixa | | Media | Alta |
| 15. Paréceche que o teu nivel de comprensión en francés é | Baixo | | Medio | Alto |
| 16. Paréceche que o teu coñecemento da cultura e da civilización francesas é | Baixo | | Medio | Alto |
| 17. Consideras que as actividades complementarias propostas polo departamento axudan a consolidar os teus coñecementos | Si | Non | Porque | |

VALORA DE 0 A 10 AS OBRAS DE LECTURA OBRIGATORIA e indica as razóns da túa valoración

| Titulo da obra | Valoración | Razóns |
|---|---|---|
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |

# ANEXO II

IES ISAAC DÍAZ PARDO. SADA

**Profesor/a:** **Departamento:**

| **Curso** | **Grupo** | Consideracións sobre o grupo | Valoración do libro de texto | Actividades realizadas (non programadas inicialmente) |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

Consideracións Xerais:

Suxerencias para o próximo curso:

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |

# ANEXO III

IES ISAAC DÍAZ PARDO. SADA

**Profesor/a:** **Departamento:**

| **Curso** | **Grupo** | Cualificacións | | | Obxectivos alcanzados | Unidades didácticas desenroladas | Unidades didácticas non desenroladas | Causas |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Superan a materia | 10 | | | | | |
| | | | 9 | | | | | |
| | | | 8 | | | | | |
| | | | 7 | | | | | |
| | | | 6 | | | | | |
| | | | 5 | | | | | |
| | | Non superan a materia | 4 | | | | | |
| | | | 3 | | | | | |
| | | | 2 | | | | | |
| | | | 1 | | | | | |
| | | Non Avaliados | | | | | | |
| | | Superan a materia | 10 | | | | | |
| | | | 9 | | | | | |
| | | | 8 | | | | | |
| | | | 7 | | | | | |
| | | | 6 | | | | | |
| | | | 5 | | | | | |
| | | Non superan a materia | 4 | | | | | |
| | | | 3 | | | | | |
| | | | 2 | | | | | |
| | | | 1 | | | | | |
| | | Non Avaliados | | | | | | |
| | | Super an a materi | 10 | | | | | |
| | | | 9 | | | | | |
| | | | 8 | | | | | |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | 7 | | | | | |
| | | | 6 | | | | | |
| | | | 5 | | | | | |
| | | Non superan a materia | 4 | | | | | |
| | | | 3 | | | | | |
| | | | 2 | | | | | |
| | | | 1 | | | | | |
| | | Non Avaliados | | | | | | |

# FRANCÉS Lingua Estranxeira 4º ESO

## a) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

As orientacións da Unión Europea insisten na necesidade da adquisición das competencias clave por parte da cidadanía, como condición indispensable para lograr que os individuos alcancen un pleno desenvolvemento persoal, social e profesional que se axuste ás demandas dun mundo globalizado e faga posíbel o desenvolvemento económico, vinculado ao coñecemento.

As competencias clave son esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a innovación, e descríbense os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha delas.

A proposta de aprendizaxe por competencias favorecerá, por tanto, a vinculación entre a formación e o desenvolvemento profesional e ademais facilitará a mobilidade de estudantes e profesionais.

As competencias clave no Sistema Educativo Español son as seguintes:

1. Comunicación lingüística
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
3. Competencia dixital
4. Aprender a  aprender
5. Competencias sociais e cívicas
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
7. Conciencia e expresións culturais

En cada materia inclúense referencias explícitas acerca da súa contribución a aquelas competencias clave ás que se orienta en maior medida. Doutra banda, tanto os obxectivos como a propia selección dos contidos buscan asegurar o desenvolvemento de todas elas. Os criterios de avaliación serven de referencia para valorar o grao progresivo de adquisición.

### 1. Competencia en comunicación lingüística

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.
Con distinto nivel de dominio e formalización -especialmente en lingua escrita-, esta competencia significa, no caso das linguas estranxeiras, poder comunicarse nalgunhas delas e, con iso, enriquecer as relacións sociais e desenvolverse en contextos distintos ao propio. Así mesmo, favorécese o acceso a máis e diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.
En resumo, para o adecuado desenvolvemento desta competencia resulta necesario abordar a análise e a consideración dos distintos aspectos que interveñen nela, debido á súa complexidade. Para iso, débese atender aos cinco compoñentes que a constitúen e ás dimensións nas que se concretan:

– O compoñente lingüístico comprende diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica

– O compoñente pragmático- discursivo contempla tres dimensións: a sociolingüística ,  a pragmática  e a discursiva

– O compoñente sociocultural inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.

– O compoñente estratéxico permítelle ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a audición e a conversación, coma destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; tamén forman parte deste compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, meta cognitivo e socio- afectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.

– O compoñente persoal intervén na interacción comunicativa en tres dimensións: a actitude, a motivación e os trazos de personalidade.

2. **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

A competencia matemática implica a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Esta competencia require coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, as operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos.
O uso de ferramentas matemáticas implica unha serie de destrezas que requiren a aplicación dos principios e procesos matemáticos en distintos contextos.
Trátase da importancia das matemáticas no mundo e de utilizar os conceptos, procedementos e ferramentas para aplicalos na resolución dos problemas que poidan xurdir nunha situación determinada ao longo da vida.
A competencia matemática inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto aos datos e a veracidade.
Xa que logo, para o adecuado desenvolvemento da competencia matemática resulta necesario abordar catro áreas relativas aos números, a álxebra, a xeometría e a estatística, interrelacionadas de formas diversas, a través da cantidade, o espazo e a forma, o cambio e as relacións, e a incerteza e os datos.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interacción responsábel con el para a conservación e mellora do medio natural, a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico e capacitan a cidadáns responsábeis e respectuosos que desenvolven xuízos críticos sobre os feitos científicos e tecnolóxicos que se suceden ao longo dos tempos, pasados e actuais. Estas competencias han de capacitar para identificar, expor e resolver situacións da vida cotiá, igual que se actúa fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.
Para o adecuado desenvolvemento das competencias en ciencia e tecnoloxía resultan necesarios coñecementos científicos relativos á física, a química, a bioloxía, a xeoloxía, as matemáticas e a tecnoloxía. Así mesmo, hanse de fomentar as destrezas para utilizar e manipular ferramentas e máquinas tecnolóxicas, e utilizar datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo.
Hanse de incluír actitudes e valores relacionados coa asunción de criterios éticos asociados á ciencia e á tecnoloxía, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico, e o sentido da responsabilidade en relación á conservación dos recursos naturais, ás cuestións ambientais e á adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudábel nun contorno natural e social.

Os ámbitos que se deben abordar para a adquisición das competencias en ciencias e tecnoloxía son os sistemas físicos, os sistemas biolóxicos, os sistemas da Terra e do Espazo, e os sistemas tecnolóxicos.
Por último, a adquisición das competencias en ciencia e tecnoloxía require a formación e práctica na investigación científica e na comunicación da ciencia.

### 3. Competencia dixital

Esta competencia consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información até a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén, ter unha actitude critica e reflexiva na valoración da información dispoñíble, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta socialmente acordadas para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia dixital resulta necesario abordar a información, a análise e a interpretación da mesma, a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas, tanto teóricos coma técnicos.

### 4. Aprender a aprender

Aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma, de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de se autoavaliar, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual. Todo iso desenvólvese, a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais coma colectivas.

### 5. Competencias sociais e cívicas

Estas competencias implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos, conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas.

En concreto, a competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo. Os elementos fundamentais desta competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de comunicarse dunha maneira construtiva en distintos contornos sociais e culturais, mostrar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía.

Así mesmo, esta competencia inclúe actitudes e valores como unha forma de colaboración, a seguridade nun mesmo e a integridade e honestidade.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís, así como da súa formulación na Constitución española, a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, rexional, nacional, europea e internacional.
As actitudes e valores inherentes a esta competencia son aqueles que se dirixen ao pleno respecto dos dereitos humanos e á vontade de participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, e implica manifestar o sentido da responsabilidade e mostrar comprensión e respecto dos valores compartidos, que son necesarios para garantir a cohesión da comunidade, baseándose no respecto dos principios democráticos.

Por tanto, para o adecuado desenvolvemento destas competencias é necesario comprender o mundo no que se vive, en todos os aspectos sociais, culturais e humanos do mesmo. Pero tamén incorporan formas de comportamento individual que capacitan ás persoas para convivir en sociedade.

### 6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A competencia "sentido de iniciativa e espírito emprendedor" implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

A adquisición desta competencia é determinante na formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.

Entre os coñecementos que require a competencia "sentido de iniciativa e espírito emprendedor" inclúese a capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia, resulta necesario abordar a capacidade creadora e de innovación, a capacidade proactiva para xestionar proxectos, a capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incerteza, as calidades de liderado e traballo individual e en equipo, e por último, o sentido crítico e da responsabilidade.

### 7. Conciencia e expresións culturais

Esta competencia implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.
Incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilizalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade coma doutras comunidades.

Por tanto, require de coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a escala local, nacional e europea e o seu lugar no mundo. Comprende a concreción da cultura en diferentes autores e obras, xéneros e estilos, tanto das belas artes coma doutras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia para a conciencia e expresión cultural resulta necesario abordar o coñecemento, estudo e comprensión de distintos estilos e xéneros artísticos e das principais obras e producións culturais e artísticas; a aprendizaxe das técnicas e recursos; o desenvolvemento da capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas, experiencias e emocións propias; a potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación propias de cada individuo de face á expresión das propias ideas e sentimentos; o interese, aprecio, respecto, goce e valoración crítica das obras artísticas e culturais; a promoción da participación na vida e a actividade cultural da sociedade na que se vive; e por último, o desenvolvemento da capacidade de esforzo, constancia e disciplina para a creación de calquera produción artística de calidade.

## b) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo,

o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## c) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

### 1.Temporalización

### 2.Grao mínimo de consecución para superar a materia

### 3.Procedementos e instrumentos de avaliación

| | Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | Bloque 1. Comprensión de textos orais | | | | | | |
| a<br>c<br>d<br>i | B1.1. Estratexias de comprensión:<br>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.<br>Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.<br>Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais).<br>Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.<br>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.).<br>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas, e de | B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.<br>B1.2. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta ou media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.<br>B1.3. Comprender o esencial en situacións que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais básicos, lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades cotiás, etc.), sempre que se fale con lentitude e con claridade.<br>B1.4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, básicas e breves sobre descricións, narracións, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes e de necesidade inmediata | SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | 1ª aval. | SI | Exercice d´écoute |
| | | | SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves, articulados de xeito lento e claro (por exemplo, por megafonía, ou nun contestador automático), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | 1ª aval. | SI | Exercice d´écoute |
| | | | SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou nunha entrevista na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, etc.), así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | 1ª aval. | SI | Exercice d´écoute |

| | Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.).<br>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.<br>▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.<br>B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito. | relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.<br>B1.5. Comprender o sentido xeral e información moi relevante e sinxela de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares e predicibles, previamente traballados, e de programas de televisión tales como boletíns meteorolóxicos ou informativos, sempre que as imaxes porten gran parte da mensaxe. | sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo. | | | | |
| | | | SLEB1.4. Entende información relevante do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes), sempre que se fale amodo e con claridade. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | 1ª aval. | SI | Exercice d´écoute |
| | | | SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | 2ª aval. | SI | Exercice d´écoute |
| | | | SLEB1.6. Identifica a información esencial de programas de televisión e presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns ou do seu interese familiares e predicibles articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes portan gran parte da mensaxe. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | 3ª aval. | SI | Exercice d´écoute |

| | Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | Bloque 2. Produción de textos orais | | | | | | |
| a<br>c<br>d<br>i | B2.1. Estratexias de produción:<br>– Planificación:<br>Identificar o contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.<br>Adecuar o texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.<br>Execución:<br>Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.<br>Activar os coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos | B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.<br>B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe a patróns da primeira lingua ou outras, ou o uso de elementos léxicos aproximados, se non se dispón doutros máis precisos.<br>B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre transaccións e xestións cotiás moi habituais, usando un repertorio básico de palabras e frases simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito.<br>B2.4. Producir textos breves e comprensibles, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela.<br>B2.5. Dar, solicitar e intercambiar información sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal, | SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un esquema lineal e estruturado, sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas previsibles breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | 1ª aval. | SI | Production orale |
| | | | SLEB2.2. Participa en conversas informais breves e sinxelas, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social básico, intercambia información e expresa de xeito sinxelo opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | 2ª aval. | SI | Production orale |
| | | | SLEB2.3. Desenvólvese coa debida corrección en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | 3ª aval. | SI | Production orale |

| | Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | lingüísticos previamente asimilados e memorizados.<br>Expresar a mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados en clase previamente.<br>Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.<br>Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. | educativo ou ocupacional, e xustificar brevemente os motivos de determinadas accións e plans, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e a persoa interlocutora teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito. | aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito. | | | | |
| | | | SLEB2.4. Desenvólvese de xeito simple pero suficiente nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando información relevante, expresando de xeito sinxelo as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma simple ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave, se o necesita. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | 3ª aval. | SI | Production orale |

| | Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | Lingüísticos:<br>Modificar palabras de significado parecido.<br>Definir ou parafrasear un termo ou expresión.<br>Usar a lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta.<br>Pedir axuda.<br>Paralingüísticos:<br>Sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado.<br>Usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal).<br>Usar elementos cuasiléxicos | | | | | | |

| | Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | (hum, puah…) de valor comunicativo.<br>▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.<br>B2.3. Rutinas ou modelos básicos de interacción segundo o tipo de situación de comunicación. | | | | | | |
| | Bloque 3. Comprensión de textos escritos | | | | | | |
| a<br>c<br>d<br>e<br>i | B3.1. Estratexias de comprensión:<br>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.<br>Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). | B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.<br>B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas sinxelas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, e con apoio visual.<br>B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos descritivos ou | SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos breves, en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen grande parte da mensaxe. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | 1ª aval. | SI | Lecture et réponse aux questions sur le texte |
| | | | SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián, así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | 1ª aval. | SI | Lecture et réponse aux questions sur le texte |

| | Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).<br>Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.<br>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e experiencias noutras linguas.<br>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.<br>▪ B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas. | narrativos breves, sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do seu nivel escolar.<br>B3.4. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro formal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos e as ocupacións, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso común. | SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos presentes, pasados e futuros, e se expresan de xeito sinxelo sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | 3ª aval. | SI | Lecture de lettres ou mails |
| | | | SLEB3.4. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre unha bolsa para realizar un curso de idiomas). | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | 3ª aval. | SI | Lecture et compréhension de documents formels |
| | | | SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese, sempre que poida reler as seccións difíciles. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | 3ª aval. | SI | Obtenir des informations à partir d´un texte divulgatif |
| | | | | | | | |

| | Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | Bloque 4: Produción de textos escritos | | | | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i | ▪ B4.1. Estratexias de produción:<br>– Planificación:<br>– Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).<br>– Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).<br>– Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos | ▪ B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), a partir de modelos ben estruturados e traballados previamente.<br>▪ B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.<br>▪ B4.3. Escribir mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás ou do seu interese.<br>▪ B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística, de ser o caso (adecuado ao seu nivel escolar), e amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.<br>▪ B4.5. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou do propio | ▪ SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países); se intercambia información; se describe en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, de dan instrucións e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ 2ª aval. | ▪ SI | ▪ Écriture d´une lettre ou mail |
| | | | ▪ SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital). | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | ▪ 1ª aval. | ▪ SI | ▪ Répondre à un questionnaire |
| | | | ▪ SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes en diferentes soportes, nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ 2ª aval. | ▪ SI | ▪ Production écrite |

| | Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | escritos, para elaborar os propios textos.<br>– Execución:<br>– Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.<br>– Estruturación do contido do texto.<br>– Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.<br>– Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.<br>– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da | interese, nun rexistro formal ou neutro, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente. | actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes. | ▪ CD | | | |
| | | | ▪ SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | ▪ 3ª aval. | ▪ SI | ▪ Production écrite: lettres, mails, cartes postales. |

| | Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.<br>– Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "botar unha man", etc.).<br>– Revisión:<br>– Identificación de problemas, erros e repeticións.<br>– Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.<br>– Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, | | | | | | |

| | Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | etc.)<br>– Reescritura definitiva. | | | | | | |
| | Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe | | | | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i<br>▪ o | ▪ B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:<br>– Sons e fonemas vocálicos.<br>– Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.<br>– Procesos fonolóxicos máis básicos.<br>– Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.<br>▪ B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:<br>– Uso das normas básicas de | ▪ B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, recoñecendo os seus significados evidentes, e pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible con razoable comprensibilidade, malia o acento estranxeiro moi evidente ou erros de pronuncia que non interrompan a comunicación, e que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións de cando en vez.<br>▪ B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas básicas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común, e os seus significados asociados, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.<br>▪ B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e | ▪ SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCEC | ▪ 1ª aval. | ▪ SI | ▪ Lecture |
| | | | ▪ SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | ▪ 1ª aval. | ▪ SI | ▪ Production orale |
| | | | ▪ SLEB5.3. Nas actividades de | ▪ CCL | ▪ 2ª aval. | ▪ SI | ▪ Production |

| | Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | ortografía da palabra.<br>– Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.<br>▪ B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:<br>– Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.<br>– Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida | escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, incluídas manifestacións artísticas como a música ou o cine), condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente, nas institucións, etc.), e convencións sociais (costumes e tradicións), respectando as normas de cortesía e máis básicas nos contextos respectivos.<br>▪ B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.<br>▪ B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou | aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | | | orale |
| | | | ▪ SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD<br>▪ CSIEE | ▪ 3ª aval. | ▪ SI | ▪ Participation projets interculturels |
| | | | ▪ SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ 3ª aval. | ▪ SI | ▪ Élaboration d´un dialogue par groupe dans une situation spécifique |

| | Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.<br>– Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.<br>– Actitude receptiva e | culturais.<br>▪ B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos de devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, así como os seus significados asociados (por exemplo, utilizar unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión); utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes), sempre que sexan traballados na clase previamente. | previamente. | | | | |

| | Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.<br>▪ B5.4. Plurilingüismo:<br>– Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.<br>– Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que | | | | | | |

| | Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | posúe como persoa plurilingüe.<br>▪ B5.5. Funcións comunicativas:<br>– Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.<br>– Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.<br>– Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.<br>– Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións | | | | | | |

| | Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | e advertencias.<br>– Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.<br>– Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.<br>– Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.<br>– Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.<br>▪ B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:<br>– Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e | | | | | | |

| | Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación.<br>– Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias, expresión sinxelas de gustos) e léxico sobre temas relacionados con | | | | | | |

| | Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo.<br>▪ B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma. | | | | | | |

## Contidos sintáctico-discursivos de Francés:4º de ESO

**Expresión de relacións lóxicas:** conxunción (*non seulement…mais aussi*); disxunción (*ou bien*); oposición/concesión (*cependant*); causa (*car*); finalidade (*de façon à, de manière à + Inf.);*comparación (*le meilleur, le mieux, le pire, aussi* + *Adj. /Adv. que*; (ex: *Il n'est pas aussi intelligent que toi*); consecuencia (*alors, donc*); explicativas (*ainsi, car*).

**Relacións temporais** (*puis, finalement, tout de suite, enfin, pendant, pendant que* + *Indic.*).

**Exclamación** (*Comment, Quel/Quelle/Quels/Quelles, C'est parti!*).

**Negación** (*ne…jamais, ne… rien, ne… personne, ne…plus).*

**Interrogación** (*Et alors? À quoi bon…? Quel, quelle, quels, quelles,* pronomes interrogativos (ex. *lequel, laquelle, etc.*), *Ah bon? Moi non, Moi non plus*).

**Expresión do tempo:** presente (verbos irregulares),pasado (*passé composé*, *imparfait*),futuro (*futur proche*, *futur simple*), condicional (fórmulas de cortesía e consello).

**Expresión do aspecto:** puntual (frases simples), durativo (*en* + *date*),habitual (*parfois, jamais*),incoativo (*futur proche*),terminativo (*passé récent*).

**Expresión da modalidade**: factualidade; capacidade (*arriver à faire*); posibilliade/probabilidade (*il est probable que, probablement*);
necesidade; obriga/prohibición (*c'est à qui de…? c'est à+pron. tonique/nom+ de + Inf., interdit de*);
permiso; intención/desexo (*décider de faire qqch., j'aimerais beaucoup faire qqch.*) ; cortesía.

**Expresión da existencia** (presentativos); a entidade (artigos, morfoloxía (prefixos (*anti, hyper*) e sufixos (*-ette, -elle*), pronomes persoais,

pronomes demostrativos; pronomes persoais OD e OI, "*en*", "*y*", proposicións adxectivais (*où, dont*); a cualidade, a posesión (adxectivos posesivos).

**Expresión da cantidade:** (plurais irregulares; números cardinais; números ordinais; artigos partitivos).

**Adverbios de cantidade e medidas** (*beaucoup de, quelques, quelques-uns, tout le monde, plein de, plusieur(s)*); o grao.

**Expresión do espazo** (*prépositions et adverbes de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination*; pronome " *y* ").

**Expresión do tempo:** puntual (*tout à l'heure, à ce moment-là, au bout de*); divisións (*semestre, période, au moment où*); indicacións de tempo (*la semaine dernière, le mois dernier,*); duración (*encore / ne…plus*); anterioridade (*déjà, ça fait…que*); posterioridade (*ensuite, puis*); secuenciación (*puis, enfin*); simultaneidade (*pendant, alors que*); frecuencia (*toujours, souvent, pas souvent, parfois, jamais*).

**Expresión do modo:** (*Adv. de manière en –ment)*.

## d) Concrecións metodolóxicas que require a materia

Todo proceso de ensino-aprendizaxe debe partir dunha planificación rigorosa do que se pretende conseguir, tendo claro cales son os obxectivos ou metas, que recursos son necesarios, que métodos didácticos son os máis adecuados e como se avalía a aprendizaxe e se retroalimenta o proceso.
A natureza da materia, as condicións socioculturais, a dispoñibilidade de recursos e as características dos alumnos e alumnas condicionan o proceso de ensino-aprendizaxe, polo que será necesario que o método seguido polo profesor se axuste a estes condicionantes co fin de propiciar unha aprendizaxe competencial no alumnado.
Os métodos deben partir da perspectiva do docente como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado; así mesmo, deben ter en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.
No actual proceso de inclusión das competencias como elemento esencial do currículo, é preciso sinalar que calquera das metodoloxías seleccionadas polos docentes para favorecer o desenvolvemento competencial dos alumnos e alumnas se debe axustar ao nivel competencial inicial destes. Ademais, é necesario secuenciar o ensino de tal modo que se parta de aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara a outras máis complexas.
Un dos elementos clave no ensino por competencias é espertar e manter a motivación cara á aprendizaxe no alumnado, o que implica unha nova formulación do papel do alumno, activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe.
Os métodos docentes deberán favorecer a motivación por aprender nos alumnos e alumnas e, para tal fin, os profesores deben ser quen de xerar neles a curiosidade e a necesidade por adquirir os coñecementos, as destrezas e as actitudes e valores presentes nas competencias. Así mesmo, co propósito de manter a motivación por aprender, é necesario que os profesores procuren todo tipo de axudas para que os estudantes comprendan o que aprenden, saiban para que o aprenden e sexan quen de usar o aprendido en distintos contextos dentro e fóra da aula.
Para potenciar a motivación pola aprendizaxe de competencias requírense, ademais, metodoloxías activas e contextualizadas. Aquelas que faciliten a participación e implicación do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos en situacións reais serán as que xeren aprendizaxes máis transferibles e duradeiras.
Así mesmo, resulta recomendable o uso do portfolio, que proporciona información extensa sobre a aprendizaxe do alumnado, reforza a avaliación continua e permite compartir resultados de aprendizaxe. O portfolio é unha ferramenta motivadora para o alumnado que potencia a súa autonomía e desenvolve o seu pensamento crítico e reflexivo.
A selección e uso de materiais e recursos didácticos constitúe un aspecto esencial da metodoloxía. O profesorado débese implicar na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais.
Aprender unha lingua estranxeira é un proceso complexo que lle esixe ao alumnado a realización dunha enorme serie de accións encadeadas (observar, recoñecer, efectuar hipóteses, inferir, deducir, transferir...) que lle afectan moi directamente e o implican como persoa.
Cando este proceso ten lugar con alumnos adolescentes , aparece con frecuencia unha dificultade engadida: a falta de motivación e o medo ao ridículo na interacción grupal ao usar unha lingua que non dominan.De aí a importancia da creación dun ambiente de

traballo distentido e relaxado na aula de lingua estranxeira que facilite as actividades que se van a realizar.
Aprender unha lingua estranxeira supón un longo percorrido , en moitos casos con numerosas paradas e algúns retrocesos, posto que , aínda que a finalidade desta aprendizaxe sexa a mesma para todos os alumnos ( comprender, ler, escribir e falar) os profesores sabemos ben que non todas as persoas aprenden de igual modo nin á mesma velocidade.
Para conducir o alumnado de maneira eficaz e poder facilitar a súa aprendizaxe, o profesor ten que ser consciente e coñecedor dos diferentes ritmos e dos diferentes estilos de aprender presentes na aula. Así poderá axudarlle a cada alumno do grupo na construción da súa propia representación do mundo en relación coa lingua estranxeira.
Con este tipo de interacción profesor/alumno, o docente convertese en guía do aprendiz ao longo do seu itinerario escolar, ata que el mesmo atoe de forma autónoma o camiño persoal máis adecuado ao percorrido que lle falta para chegar a conseguir a competencia comunicativa.
O profesor ten ,polo tanto, un papel importante na aprendizaxe:

*o de **descubrir os coñecementos previos** das estruturas relacionadas coa lingua que o alumno posúe ( non hai que esquecer que é a terceira ou cuarta lingua que aprenden os nosos alumnos)

*o de **construír sobre eles as novas aprendizaxes.**

O profesor colabora axudando a que os alumnos ancoren nos seus coñecementos previos as recentes adquisicións lingüísticas, discursivas e culturais relacionándoas co seu mundo e volvéndoas significativas.
Conseguir esta ancoraxe leva consigo todo tipo de tarefas: xestionar, planificar, dinamizar, crear un ambiente propicio, conducir, aconsellar e valorar cada unha das actividades que se levan a cabo na aula ... pero sobre todo proporcionarlle ao alumnado un enfoque emocional positivo da cultura, da xente e dos países onde se fala a lingua que estudan.
Posto que aprender unha lingua estranxeira tamén é un proceso de apropiación dunha realidade diferente á propia, esta experiencia debe ter un sentido para o alumno e debe estar claramente construída sobre o seu contexto e relacionada co contexto no que viven outros adolescentes doutras partes do mundo. Así, o profesor espertará no seu alumnado o desexo de aprender a comunicar para coñecer os demais e para que os demais poidan coñecelos a eles.
Velaquí a idea clave e a razón da variadísima oferta de documentos e soportes de todo tipo que, partindo da observación e da busca de información, traballen e avalían a práctica das habilidades, das destrezas, e o coñecemento do mundo francófono e a súa cultura e a reflexión sobre a lingua como sistema e instrumento de comunicación.

## e) Materiais e recursos didácticos que se vaia utilizar

A selección e uso de materiais e recursos didácticos constitúe un aspecto esencial da metodoloxía. O profesorado débese implicar na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais.

**COMPOÑENTES DO MÉTODO**

**<u>TOUS ENSEMBLE!  4 </u>livre de l´élève e fragmentos do novo libro da mesma editorial <u>Jeu de mots 4</u>**
Ed. -Chat noir- VICENS VIVES

**<u>TOUS ENSEMBLE!  4 </u>Cahierd´exercices**
Ed. -Chat noir- VICENS VIVES

**O MÉTODO consta de 6 unidades, repartidas do seguinte xeito:**

**1ª Avaliación: Unidades 0, 1, 2.**
**2ª Avaliación: Unidades: 3, 4.**
**3ª Avaliación: Unidades: 5, 6.**

**O libro do  alumno**: composto por 6 unidades , precedidas da unidade 0  que fai unha " mise à jour" o principio  do curso, é dicir, permítenos establecer un primeiro contacto coa lingua descoñecida para os alumnos ata o momento .
Normalmente na 1ª avaliación podemos ver as unidades 0, 1 e 2; e o resto de avaliacións vemos as catro restantes, a razón de dúas unidades por avaliación.

**O caderno de exercicios** con CD audio/ROM: estes exercicios poden realizarse como actividade de repaso  na casa ou ben como actividade de afondamento.
O seu fin é reforzar contidos básicos do libro do alumno. Por outra banda, en combinación co resto de materiais  constitúen un instrumento para atender as necesidades individuais do alumnado, xa que permiten practicar aqueles coñecementos que secuencian os distintos temas.

*un CD con test de comprensión

* DVD : dividido en episodios que narra a vida de catro mozos na cidade de París, .. Unha maneira divertida e innovadora de repasar  os " actes de parole" e o léxico.

*Fichas de actividades sobre os vídeos

*Fichas de avaliación fotocopiables  que se poden recurrir a elas para atender os diferentes niveis de capacidades do alumnado.

En edixgal teñen unha materia creada onde o profesorado colgará o material extra que utilice nas.

O Blog do Departamento pode ser tamén un recurso para consultar Gramática e facer exercicios de repaso.

Así mesmo na páxina web da editorial podemos acceder a materiais dixitais.

Para fomentar a gamificación na materia de francés, empregaranse plataformas/aplicacións que permitan elaborar xogos co fin de mellorar a competencia lingüística e cultural do noso alumnado, como KAHOOT, LYRICS TRAINING, BAAMBOOZLE, PLICKERS, JEOPARDY, etc.

## f) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Tódolos alumnos deberán:

1. Mostrar interese e ter unha actitude positiva cara a materia

2. Facer os exercicios de/na clase e os deberes que se lles propoñen para a casa.

3. Traer sempre o material: ordenador, caderno, bolígrafo, lapis etc.

4. Participar o mais activamente posible nas actividades propostas polo profesor na aula.

**INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Observación directa en clase: dela dedúcese a disposición do alumno cara ao traballo tanto individual como en equipo, a constancia, o interese e a predisposición a observar as normas.

Probas escritas: Realizaranse varias probas escritas ao longo do curso . Versarán sobre todos os contidos gramaticáis e lexicáis tratados ata o momento da súa realización.

Probas de expresión, comprensión oral e comprensión escrita: Realizarase unha ou varias probas orais en cada avaliación, que poden consistir en: presentacións presenciáis na aula (individuáis ou en grupo), presentacións dixitáis en formato de vídeo ou audio (individuáis ou en grupo). Realizarase unha proba de comprensión oral e de comprensión escrita por trimestre.

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

- Os alumnos terán 3 AVALIACIÓNS e unha AVALIACIÓN FINAL

Para **OBTER A NOTA** de cada avaliación farase a media ponderada das cualificacións obtidas ao longo do trimestre, valorándoas do seguinte xeito:

- Nota Media das probas de gramática e vocabulario ...... 55 %
- Nota Media das probas de comprensión oral, escrita e expresión oral ..... 40 %
- Actitude de cara a materia (traballo na clase e na casa, participación) …. 5%

Unha vez achada a nota de cada avaliación parcial ou a nota da avaliación final, e en caso de non obter unha cifra exacta senón con decimais, o REDONDEO farase atendendo à disposición do alumno cara a materia, ao traballo, á atención, á participación, ao interese, etc., **e sempre a partir de 0,6**.

**NOTA**: En caso de detectar que o alumno está realizando unha proba de xeito fraudulento ou, simplemente, copiando por un compañeiro, o profesor procederá a retirarlle o exame . A cualificación do mencionado exame será de 0 nesa proba e fará media co resto das probas do trimestre.

**A NOTA FINAL DA MATERIA** obterase aplicando as porcentaxes que se detallan a continuación sobre a nota de cada unha das avaliacións parciais.

Nota da 1ª avaliación : ............ 25%

Nota da 2ª avaliación :............. 35%

Nota da 3ª avaliación :..............40%

**O alumnado que teña de media unha nota inferior a 4,5** (despois de facer a media ponderada das tres avaliacións) deberá realizar unha proba de recuperación da materia cos contidos mínimos esixibles para obter a nota final. Esa proba realizarase a finais de xuño, despois dos exames da terceira avaliación e antes da avaliación final.

## g) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

Os docentes avalían tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, a través dos indicadores de logro incorporados na programación docente.

Os Estándares de Aprendizaxe, considerados como concrecións dos Criterios de Avaliación do Currículo de cada área ou materia, permítennos definir os resultados da aprendizaxe e concretar o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en

cada materia. Os indicadores de logro permítennos avaliar en catro niveis as aprendizaxes que o alumnado consolidou respecto aos obxectivos marcados en cada Estándar.

Este feito permítelle ao docente, ao mesmo tempo, avaliar os resultados das estratexias e medidas educativas que adoptou ao longo da súa práctica educativa para facilitar que o alumnado acade os obxectivos establecidos en cada Estándar de aprendizaxe.

A avaliación tanto dos procesos de aprendizaxe do alumnado como da propia práctica docente será continua. A avaliación docente terá, á súa vez, como obxectivo adaptar as estratexias educativas adoptadas ao longo do curso ás necesidades específicas do alumnado.

Os indicadores de logro permiten, neste sentido, identificar os coñecementos, capacidades, competencias... que en relación a un alumno individual ou ao conxunto da clase deben ser consolidados, permitindo adaptar a práctica educativa ás necesidades específicas dos alumnos para que poidan alcanzar as ensinanzas establecidas nos correspondentes estándares de aprendizaxe.

En relación á práctica docente os indicadores de logro permiten valorar:

– Se se está cumprindo coa planificación: actividades, tempos, responsabilidades,…

– Se existe desviación entre o obxectivo definido e a acción ou accións deseñadas para conseguilo.

– Se se están conseguindo outras cousas distintas ás planificadas intencionalmente.

– Se se está progresando na liña definida no obxectivo.

– Se os resultados obtidos xeran satisfacción nos implicados

Dentro do proceso de ensino e aprendizaxe, o equipo docente de cada grupo do alumnado celebrará sesións de avaliación para valorar tanto as aprendizaxes do alumnado, como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

O equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis adecuadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais que permitan solventar as dificultades.

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | BLOQUE 1:Comprensión de Textos Orais | | | |
|---|---|---|---|---|
| | INDICADORES DE LOGRO | | | |
| | En vías de adquisición<br>NIVEL 1 | Adquirido<br>NIVEL 2 | Avanzado<br>NIVEL 3 | Excelente<br>NIVEL 4 |
| 1. Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara (p. e. en estacións ou aeroportos), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado. | Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara con dificultade e con necesidade de repeticións e con apoio xestual. | Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara con algunha dificultade e con necesidade de repeticións. | Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e claras en ningunha dificultade e con necesidade de repeticións. | Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e claras en ningunha dificultade e sen necesidade de repeticións. |
| 2. Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (p. e. en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros de estudos). | Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas con bastante dificultade e con necesidade de repeticións e con apoio xestual. | Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturada scon apoio visual e con necesidade de repetición. | Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas con apoio visual e sen necesidade de repetición. | Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas e sen necesidade de repetición. |
| 3. Comprende, nunha conversación informal na que participa, descricións, narracións e opinións formulados en termos | Ten dificultade en identificar as ideas principais nunha conversación informal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición. | Identifica as ideas principais nunha conversación informal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición. | Identifica as ideas principais nunha conversación informal con apoio visual e xestos, sen necesidade de repetición. | Identifica as ideas principais nunha conversación informal sen apoio visual nin xestos. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente e se o interlocutor está disposto a repetir ou reformular. | | | | |
| 4. Comprende, nunha conversación formal na que participa (p. e. nun centro de estudos), preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo. | Ten dificultade en identificar as ideas principais nunha conversación formal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición. | Identifica as ideas principais nunha conversación formal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición. | Identifica as ideas principais nunha conversación formal con apoio visual e xestos, sen necesidade de repetición. | Identifica as ideas principais nunha conversación formal sen apoio visual nin xestos. |
| 5. Identifica as ideas principais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese articulados con lentitude e claridade (p. e. noticias ou reportaxes breves), cando as imaxes constitúen gran parte da mensaxe. | Ten dificultades en identificar as ideas principais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese con necesidade destes apoios: visual, xestos e repeticións. | Sabe identificar o sentido global e as informacións esenciais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese con necesidade destes apoios: visual, xestos e/ou repeticións. | Sabe identificar o sentido global e as informacións esenciais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese con necesidade de polo menos un destes apoios: visual, xestos ou repeticións | Sabe identificar o sentido global e as informacións esenciais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese sen necesidade de apoio visual, xestos nin repeticións. |

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | BLOQUE 2:Produción De Textos Orais: Expresión e Interacción | | | |
|---|---|---|---|---|
| | INDICADORES DE LOGRO | | | |
| | En vías de adquisición NIVEL 1 | Adquirido NIVEL 2 | Avanzado NIVEL 3 | Excelente NIVEL 4 |
| 1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, sobre aspectos concretos de temas xerais ou relacionados con aspectos básicos dos seus estudos, e responde preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o seu contido se se articulan clara e lentamente. | Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, e responde preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o seu contido dunha maneira pouco clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, e responde preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o seu contido dunha maneira clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, e responde preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o seu contido dunha maneira clara, con algunhas pausas, sen necesidade de repeticións e con apoio de xestos. | Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, e responde preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o seu contido dunha maneira clara utilizando expresións previamente traballadas e apoiándose en xestos. |
| 2. Desenvólvese coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento). | Desenvólvese con dificultade en xestións e transaccións cotiás, dunha maneira pouco clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Participa en interaccións sinxelas aparecendo nelas numerosos aspectos sociolingüísticos básicos comparando coa cultura francesa dunha maneira clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Participa en interaccións sinxelas aparecendo nelas numerosos aspectos sociolingüísticos básicos comparando coa cultura francesa dunha maneira clara, con algunhas pausas, sen necesidade de repeticións e con apoio de xestos. | Participa en interaccións sinxelas aparecendo nelas numerosos aspectos sociolingüísticos básicos comparando coa cultura francesa dunha maneira clara utilizando expresións previamente traballadas e apoiándose en xestos. |
| 3. Participa en conversacións informais breves, cara a cara ou por teléfono ou outros | Participa en conversacións cara a cara con algunha dificultade na comprensión e con problemas no uso de | Participa en conversacións cara a cara con algunha dificultade na comprensión pero cun uso de patróns | Participa en conversacións cara a cara dunha maneira comprensible con patróns | Participa en conversacións cara a cara dunha maneira totalmente comprensible con correctos patróns sonoros, rítmicos e de entoación adecuados. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións de maneira sinxela e breve, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta. | patróns sonoros, rítmicos e de entoación adecuados. | sonoros, rítmicos e de entoación adecuados. | sonoros, rítmicos e de entoación adecuados. | |
| 4. Desenvólvese de maneira simple nunha conversación formal ou entrevista (p. e. para realizar un curso de verán), achegando a información necesaria, expresando de maneira sinxela as súas opinións sobre temas habituais, e reaccionando de forma simple ante comentarios formulados de maneira lenta e clara, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita. | Desenvólvese con dificultade nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira pouco clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Desenvólvese nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Desenvólvese con dificultade nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira clara, con algunhas pausas, sen necesidade de repeticións e con apoio de xestos. | Desenvólvese con dificultade nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira clara utilizando expresións previamente traballadas e apoiándose en xestos. |

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLE | Bloque 3: Comprensión de textos escritos | | | |
|---|---|---|---|---|
| | INDICADORES DE LOGRO | | | |
| | En vías de adquisición<br>NIVEL 1 | Adquirido<br>NIVEL 2 | Avanzado<br>NIVEL 3 | Excelente<br>NIVEL 4 |
| 1. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián (p. e. unha máquina expendedora), así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas (p. e. nun centro de estudos). | Identifica con dificultade instrucións xerais, con axuda da imaxe. | Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais. | Identifica, sen ningunha dificultade, instrucións xerais con axuda da imaxe. | Identifica, sen apoio de imaxes, instrucións xerais. |
| 2. Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato na que se fala dun mesmo; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos pasados, e se expresan de maneira sinxela sentimentos, desexos e plans, e opinións sobre | Identifica con dificultade a función comunicativa de correspondencia persoal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras, en textos breves e sinxelos escritos de temas familiares ou da súa contorna. | Identifica a función comunicativa de correspondencia persoal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos breves e sinxelos escritos de temas familiares ou da súa contorna. | Identifica a función comunicativa e comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras e frases en textos breves e sinxelos escritos de temas familiares ou da súa contorna. | Identifica a función comunicativa e comprende sen ningunha dificultade correspondencia persoal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras e frases en textos breves e sinxelos escritos de temas familiares ou da súa contorna. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| temas xerais, coñecidos ou do seu interese. | | | | |
| 3. Entende a idea xeral de correspondencia formal na que se lle informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (p. e. sobre un curso de verán). | Identifica con dificultade a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras, en textos breves e sinxelos escritos de temas familiares ou da súa contorna. | Identifica a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos breves e sinxelos escritos de temas familiares ou da súa contorna. | Identifica a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos breves e sinxelos escritos de temas familiares ou da súa contorna. | Identifica a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos breves e sinxelos escritos de temas familiares ou da súa contorna. |
| 4. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos moi breves en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen gran parte da mensaxe. | Recoñece con moitas dificultades palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con moita axuda visual e contextual para identificar o sentido global e o tema. | Recoñece con pouca dificultade palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con bastante axuda visual e contextual para identificar o sentido global e o tema. | Recoñece con pouca dificultade palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con pouca axuda visual e contextual para identificar o sentido global e o tema. | Recoñece sen ningunha dificultade palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con pouca axuda visual e contextual para identificar o sentido global e o tema. |
| 5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese (p. e. sobre unha cidade), sempre que poida reler as seccións difíciles. | Identifica con bastante dificultade palabras e frases en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas familiares para a comprensión do sentido global e información esencial do texto. | Entende con dificultade información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados para a comprensión do sentido global e información esencial do texto. | Identifica con pouca dificultade información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados para a comprensión do sentido global e información esencial do texto. | Identifica sen ningunha dificultade información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados para a comprensión do sentido global e información esencial do texto. |

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | BLOQUE 4:Produción de Textos Escritos: Expresión e Interacción | | | |
|---|---|---|---|---|
| | INDICADORES DE LOGRO | | | |
| | En vías de adquisición NIVEL 1 | Adquirido NIVEL 2 | Avanzado NIVEL 3 | Excelente NIVEL 4 |
| 1. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou afeccións (p. e. para asociarse a un club internacional de mozos). | Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa os seus intereses ou afeccións marcando con moita dificultade os datos ou outro tipo de información persoal. | Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa os seus intereses ou afeccións marcando con algunha dificultade os datos ou outro tipo de información persoal. | Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa os seus intereses ou afeccións marcando sen dificultade os datos ou outro tipo de información persoal. | Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa os seus intereses ou afeccións marcando case na súa totalidade os datos ou outro tipo de información persoal. |
| 2. Escribe notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía e da netiqueta máis importantes. | Escribe con moita dificultade notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), nos que realiza comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións utilizando poucas das estruturas dadas. | Escribe notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), nos que realiza comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións utilizando con algunha dificultade as estruturas dadas. | Escribe notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), nos que realiza comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións utilizando as estruturas dadas. | Escribe sen dificultade notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), nos que realiza comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións utilizando na súa totalidade as estruturas dadas. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 3. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (p. e. con amigos noutros países), se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (p. e. cancelan, confirman ou modifican unha invitación ou uns plans). | Escribe a partir dun modelo correspondencia persoal breve con moita dificultade. | Escribe a partir dun modelo correspondencia persoal breve utilizando un léxico adecuado pero con dificultade. | Escribe a partir dun modelo correspondencia persoal breve utilizando un léxico adecuado. | Escribe a partir dun modelo correspondencia persoal breve sen dificultade e utilizando un repertorio de léxico adecuado case na súa totalidade. |
| 4. Escribe correspondencia formal moi básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, e observando as convencións formais e as normas de cortesía | Escribe a partir dun modelo correspondencia formal moi básica e breve con moita dificultade. | Escribe a partir dun modelo correspondencia formal moi básica e breve utilizando un léxico adecuado pero con dificultade. | Escribe a partir dun modelo correspondencia formal moi básica e breve utilizando un léxico adecuado. | Escribe a partir dun modelo correspondencia formal moi básica e breve sen dificultade e utilizando un repertorio de léxico adecuado case na súa totalidade. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| básicas deste tipo de textos. | | | | |

## h) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Por cada unha das avaliacións o Xefe de departamento faralle entrega ao alumno/a coa materia pendente un bloque de **exercicios correspondente aos contidos mínimos** das unidades de cada avaliación.

A materia será dividida **en dúas** partes correspondentes ás 6 unidades do libro de referencia; polo tanto **corresponden 3 unidades por cada Avaliación** de Pendentes.

Se os alumnos logran aprobar cada unha das partes ó longo do curso non será preciso que se presenten ó exame final.

En caso de non conseguir superar a materia nestas dúas probas deberán presentarse **ó exame final, que será no mes de Maio**. Esta proba será un exame propiamente dito.

**A nota mínima que deberán acadar os alumnos para superar a materia é un 5.**

O plan de pendentes personalizado quedará reflectido no **informe do plan de reforzo para alumnado con materias pendentes**, según a *orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (Artigo 51)*

## i) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato

Non procede.

## j) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

A avaliación inicial faise normalmente no primeiro mes do curso escolar, con lixeiras variacións nas datas segundo a organización proposta pola Dirección do Centro.

Esta avaliación farase mediante a observación directa na clase a través de actividades variadas que impliquen as distintas competencias (expresión oral, comprensión oral, expresión escrita e comprensión escrita).

Unha vez valorados os resultados adóptanse as medidas oportunas tanto individuais como colectivas.

O profesorado de Linguas Estranxeiras está moi habituado a diferencias importantes de nivel, tanto na propia aula como entre os distintos grupos do mesmo nivel. Se é preciso unha atención colectiva, inténtase adecuar o nivel de todo o grupo ós coñecementos que teñen , e seguir un ritmo adecuado ata acadar o nivel requirido. En caso de detectar problemas a nivel individual, faise un seguimento máis personalizado daqueles alumnos que teñan un nivel inferior. É interesante valorar a posibilidade de que eses alumnos se coloquen con aqueles da clase que teñan un nivel máis alto e que poidan axudalos no discorrer da clase.

## k) Medidas de atención á diversidade

Nas medidas de atención a diversidade desta etapa teremos en conta a diversidade existente na aula en canto ao nivel de coñecementos e ao grado de facilidade para a aprendizaxe que teñen os alumnos.

Como punto de partida tomamos en conta catro ámbitos de diversidade:

-**A capacidade de aprender:**

Cada alumno ten o seu propio ritmo de aprendizaxe. Partimos da base de que todos son capaces de alcanzar un nivel mínimo, sempre que sigan un ritmo sostido de traballo, que pode ser diferente para cada un. Faremos un repaso continuo de estruturas e de vocabulario, dando tarefas con diferentes niveis de dificultade para poder integrar aos distintos tipos de alumnos/as.

- **A motivación para aprender:**

A motivación do alumno/a para aprender é moi diversa, sobre todo cando se trata dun idioma , xa que depende moito do historial de éxito ou de fracaso que tivese ata ese momento. En moitas ocasións, a motivación está directamente condicionada polo ambiente e polo contexto no que os alumnos se desenvolven.
Para elo seleccionaremos temas que fagan posible a implicación emocional do alumno, dado o noso convencemento de que cando se apela ao que directamente lles afecta ou lles interesa, a resposta ante o estimulo está asegurada.

- **Os estilos de aprendizaxe:**

Como ben é sabido, o alumno pode ser reflexivo ou impulsivo cando se enfronta ás súas tarefas escolares. Algúns alumnos poden reaccionar moi rapidamente e non obstante necesitar varios intentos para asimilar unha idea, mentres que outros poden traballar máis a conciencia e aprender máis amodo conseguindo o mesmo resultado.
Pensando nos diferentes estilos e niveis de desenvolvemento das capacidades de aprendizaxe deseñaremos varios tipos de actividades que dean cabida aos distintos estilos de aprendizaxe, enmarcadas nunha secuencia de estratexias para que desenvolvan a súa autonomía en cada destreza comunicativa.
Por iso desde o principio fomentaremos a reflexión dos alumnos sobre a súa propia aprendizaxe, para que sexan conscientes do seu progreso e tamén aprendan de xeito máis efectivo, isto implica unha maior motivación e responsabilidade por parte do alumno.

- **Os intereses dos alumnos:**

Está comprobado que os intereses dos alumnos se diversifican moito máis en Bacharelato. O seu interese por aprender un idioma varía moito dependendo da súa motivación e/ou necesidade de facelo. Por iso trataremos unha gran variedade de temas, intentando que sexan de interese para unha gran maioría.
Ademais, levarase a cabo unha coidadosa selección de funcións co fin de que as poidan poñer en práctica nun futuro próximo, tales como as necesarias para responder un test de cultura xeral, manter unha conversacións informais entre a mocidade, escribir correos electrónicos, entender a xente da súa idade doutros países.

## l) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

2. Fomentarase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

3. Fomentarase as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

4. No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

## m) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico

As actividades contempladas polo departamento para 4º de ESO son:

- Viaxe a París: a última semana de marzo.

- Actividades culturais: visualización dunha película do ciclo cine-Europa, ou no Forum Metropolitano.

- Actividades para a semana da francofonía: elaboración dun vídeo sobre os países onde se fala francés.

## n) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Ao longo do curso nas reunións de departamento comentaranse o grao de consecución dos criterios de avaliación cos seus correspondentes estándares de aprendizaxe desta materia e constarán en acta as posibles modificacións.

Xunto con estas reflexións e acordos tomados polos membros do departamento durante o curso, ó final do mesmo os profesores cumprimentarán o **anexo II** valorando libro de texto, actividades realizadas, e o **anexo III**, relacionado cos obxectivos alcanzados, materia impartida e as cualificacións dos diferentes grupos.

Ademais pasaremos unha enquisa ós alumnos , **anexo I** , onde valorarán ó seu profesor e a materia impartida ó longo do curso e o libro de lectura.

A memoria final de curso será tamén un instrumento para concretar os principais problemas e boas prácticas en relación á programación.

Con todos estes datos os membros do departamento tomarán acordos e realizarán as modificacións pertinentes que se deberán incluír na programación do vindeiro curso.

# ANEXO I DEP. FRANCÉS

IES ISAAC DÍAZ PARDO. SADA

## Cuestionario de avaliación Curso: Grupo:

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1. Valora esta materia de 0 a 10 (Segundo o que che guste ou interese) | | Razóns: | | | | |
| 2. Coidas que aprendiches | nada | algo | pouco | bastante | moito | Porque… |
| 3. A materia resultouche | moi difícil | difícil | normal | fácil | moi fácil | Porque… |
| 4. O teu rendemento foi | nulo | escaso | suficiente | alto | moi alto | Porque… |
| 5.Traballaches | nada | pouco | o xusto | bastante | moito | Porque… |
| 6. Consideras que as explicacións do profesor/profesora foron | moi malas | malas | normais | boas | moi boas | Porque… |
| 7. As relacións e o trato co profesor/profesora foron | moi malas | malas | normais | boas | moi boas | Porque… |
| 8. Coidas que fuches avaliado, segundo os coñecementos e esforzo | moi mal | mal | regular | ben | moi ben | Porque… |
| 9. Recibiches por parte do profesor /profesora unhas instrucións | Insuficientes | | | Suficientes, pero mellorables | | Amplas, detalladas e precisas |
| 10. Con respecto ós exames e probas propostas (SI / NON nas casillas) | Fuches informado/a con tempo suficiente para preparalos | | | O seu contido e dificultade axustouse á materia traballada en clase perante a avaliación | | Entregáronche corrixidos e avaliados conforme os criterios establecidos con anterioridade |
| 11. Indica cales dos aspectos traballados durante o curso te resultaron mais difíciles | | | | | Porque… | |

<table>
<tr><td>12. Indica as suxerencias que estimes oportunas para mellorar o tu rendemento nesta materia</td><td colspan="3">Que crees que deberías facer ti</td><td>Que crees que debería facer o Profesor/Profesora</td></tr>
<tr><td>13. Consideras que o teu nivel de expresión oral en francés é</td><td colspan="2">Baixo</td><td colspan="1">Medio</td><td>Alto</td></tr>
<tr><td>14. Consideras que a túa expresión escrita en francés é</td><td colspan="2">Baixa</td><td>Media</td><td>Alta</td></tr>
<tr><td>15. Paréceche que o teu nivel de comprensión en francés é</td><td colspan="2">Baixo</td><td>Medio</td><td>Alto</td></tr>
<tr><td>16. Paréceche que o teu coñecemento da cultura e da civilización francesas é</td><td colspan="2">Baixo</td><td>Medio</td><td>Alto</td></tr>
<tr><td>17. Consideras que as actividades complementarias propostas polo departamento axudan a consolidar os teus coñecementos</td><td>Si</td><td>Non</td><td colspan="2">Porque</td></tr>
</table>

VALORA DE 0 A 10 AS OBRAS DE LECTURA OBRIGATORIA e indica as razóns da túa valoración

| Titulo da obra | Valoración | Razóns |
|---|---|---|
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |

# ANEXO II

IES ISAAC DÍAZ PARDO. SADA

**Profesor/a:** **Departamento:**

| **Curso** | **Grupo** | Consideracións sobre o grupo | Valoración do libro de texto | Actividades realizadas (non programadas inicialmente) |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

Consideracións Xerais:

Suxerencias para o próximo curso:

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |

# ANEXO III

Profesor/a: **Departamento:** IES ISAAC DÍAZ PARDO. SADA

| **Curso** | **Grupo** | Cualificacións | | | Obxectivos alcanzados | Unidades didácticas desenroladas | Unidades didácticas non desenroladas | Causas |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Superan a materia | 10 | | | | | |
| | | | 9 | | | | | |
| | | | 8 | | | | | |
| | | | 7 | | | | | |
| | | | 6 | | | | | |
| | | | 5 | | | | | |
| | | Non superan a | 4 | | | | | |
| | | | 3 | | | | | |
| | | | 2 | | | | | |
| | | | 1 | | | | | |
| | | Non Avaliados | | | | | | |
| | | Superan a materia | 10 | | | | | |
| | | | 9 | | | | | |
| | | | 8 | | | | | |
| | | | 7 | | | | | |
| | | | 6 | | | | | |
| | | | 5 | | | | | |
| | | Non superan | 4 | | | | | |
| | | | 3 | | | | | |
| | | | 2 | | | | | |
| | | | 1 | | | | | |
| | | Non Avaliados | | | | | | |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Superan a materia | 10 | | | | | |
| | | | 9 | | | | | |
| | | | 8 | | | | | |
| | | | 7 | | | | | |
| | | | 6 | | | | | |
| | | | 5 | | | | | |
| | | Non superan a | 4 | | | | | |
| | | | 3 | | | | | |
| | | | 2 | | | | | |
| | | | 1 | | | | | |
| | | Non Avaliados | | | | | | |

# FRANCÉS Lingua Estranxeira
# Curso: 2º BAC

## a) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

As orientacións da Unión Europea insisten na necesidade da adquisición das competencias clave por parte da cidadanía, como condición indispensable para lograr que os individuos alcancen un pleno desenvolvemento persoal, social e profesional que se axuste ás demandas dun mundo globalizado e faga posíbel o desenvolvemento económico, vinculado ao coñecemento.

As competencias clave son esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a innovación, e descríbense os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha delas.

A proposta de aprendizaxe por competencias favorecerá, por tanto, a vinculación entre a formación e o desenvolvemento profesional e ademais facilitará a mobilidade de estudantes e profesionais.

As competencias clave no Sistema Educativo Español son as seguintes:

1. Comunicación lingüística
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
3. Competencia dixital
4. Aprender a aprender
5. Competencias sociais e cívicas
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
7. Conciencia e expresións culturais

En cada materia inclúense referencias explícitas acerca da súa contribución a aquelas competencias clave ás que se orienta en maior medida. Doutra banda, tanto os obxectivos como a propia selección dos contidos buscan asegurar o desenvolvemento de todas elas. Os criterios de avaliación serven de referencia para valorar o grao progresivo de adquisición.

### 1. Competencia en comunicación lingüística

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.
Con distinto nivel de dominio e formalización -especialmente en lingua escrita-, esta competencia significa, no caso das linguas estranxeiras, poder comunicarse nalgunhas delas e, con iso, enriquecer as relacións sociais e desenvolverse en contextos distintos ao propio. Así mesmo, favorécese o acceso a máis e diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.
En resumo, para o adecuado desenvolvemento desta competencia resulta necesario abordar a análise e a consideración dos distintos aspectos que interveñen nela, debido á súa complexidade. Para iso, débese atender aos cinco compoñentes que a constitúen e ás dimensións nas que se concretan:

– O compoñente lingüístico comprende diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica

– O compoñente pragmático - discursivo contempla tres dimensións: a sociolingüística , a pragmática e a discursiva

– O compoñente sociocultural inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.

– O compoñente estratéxico permítelle ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a audición e a conversación, coma destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; tamén forman parte deste compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socio-afectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.

– O compoñente persoal intervén na interacción comunicativa en tres dimensións: a actitude, a motivación e os trazos de personalidade.

2. **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

A competencia matemática implica a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Esta competencia require coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, as operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos.
O uso de ferramentas matemáticas implica unha serie de destrezas que requiren a aplicación dos principios e procesos matemáticos en distintos contextos.
Trátase da importancia das matemáticas no mundo e de utilizar os conceptos, procedementos e ferramentas para aplicalos na resolución dos problemas que poidan xurdir nunha situación determinada ao longo da vida.
A competencia matemática inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto aos datos e a veracidade.
Xa que logo, para o adecuado desenvolvemento da competencia matemática resulta necesario abordar catro áreas relativas aos números, a álxebra, a xeometría e a estatística, interrelacionadas de formas diversas, a través da cantidade, o espazo e a forma, o cambio e as relacións, e a incerteza e os datos.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interacción responsábel con el para a conservación e mellora do medio natural, a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico e capacitan a cidadáns responsábeis e respectuosos que desenvolven xuízos críticos sobre os feitos científicos e tecnolóxicos que se suceden ao longo dos tempos, pasados e actuais. Estas competencias han de capacitar para identificar, expor e resolver situacións da vida cotiá, igual que se actúa fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.
Para o adecuado desenvolvemento das competencias en ciencia e tecnoloxía resultan necesarios coñecementos científicos relativos á física, a química, a bioloxía, a xeoloxía, as matemáticas e a tecnoloxía. Así mesmo, hanse de fomentar as destrezas para utilizar e manipular ferramentas e máquinas tecnolóxicas, e utilizar datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo.

Hanse de incluír actitudes e valores relacionados coa asunción de criterios éticos asociados á ciencia e á tecnoloxía, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico, e o sentido da responsabilidade en relación á conservación dos recursos naturais, ás cuestións ambientais e á adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudábel nun contorno natural e social.
Os ámbitos que se deben abordar para a adquisición das competencias en ciencias e tecnoloxía son os sistemas físicos, os sistemas biolóxicos, os sistemas da Terra e do Espazo, e os sistemas tecnolóxicos.
Por último, a adquisición das competencias en ciencia e tecnoloxía require a formación e práctica na investigación científica e na comunicación da ciencia.

### 3. Competencia dixital

Esta competencia consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información até a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén, ter unha actitude critica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta socialmente acordadas para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia dixital resulta necesario abordar a información, a análise e a interpretación da mesma, a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas, tanto teóricos coma técnicos.

### 4. Aprender a aprender

Aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma, de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de se auto avaliar, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual. Todo iso desenvólvese, a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais coma colectivas.

### 5. Competencias sociais e cívicas

Estas competencias implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos, conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas.

En concreto, a competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo. Os elementos fundamentais desta competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de comunicarse dunha maneira construtiva en distintos

contornos sociais e culturais, mostrar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía.

Así mesmo, esta competencia inclúe actitudes e valores como unha forma de colaboración, a seguridade nun mesmo e a integridade e honestidade.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís, así como da súa formulación na Constitución española, a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, rexional, nacional, europea e internacional.
As actitudes e valores inherentes a esta competencia son aqueles que se dirixen ao pleno respecto dos dereitos humanos e á vontade de participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, e implica manifestar o sentido da responsabilidade e mostrar comprensión e respecto dos valores compartidos, que son necesarios para garantir a cohesión da comunidade, baseándose no respecto dos principios democráticos.

Por tanto, para o adecuado desenvolvemento destas competencias é necesario comprender o mundo no que se vive, en todos os aspectos sociais, culturais e humanos do mesmo. Pero tamén incorporan formas de comportamento individual que capacitan ás persoas para convivir en sociedade.

### 6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A competencia “sentido de iniciativa e espírito emprendedor” implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

A adquisición desta competencia é determinante na formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.

Entre os coñecementos que require a competencia “sentido de iniciativa e espírito emprendedor” inclúese a capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia, resulta necesario abordar a capacidade creadora e de innovación, a capacidade proactiva para xestionar proxectos, a capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incerteza, as calidades de liderado e traballo individual e en equipo, e por último, o sentido crítico e da responsabilidade.

### 7. Conciencia e expresións culturais

Esta competencia implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.
Incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilizalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade

coma doutras comunidades.

Por tanto, require de coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a escala local, nacional e europea e o seu lugar no mundo. Comprende a concreción da cultura en diferentes autores e obras, xéneros e estilos, tanto das belas artes coma doutras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia para a conciencia e expresión cultural resulta necesario abordar o coñecemento, estudo e comprensión de distintos estilos e xéneros artísticos e das principais obras e producións culturais e artísticas; a aprendizaxe das técnicas e recursos; o desenvolvemento da capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas, experiencias e emocións propias; a potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación propias de cada individuo de face á expresión das propias ideas e sentimentos; o interese, aprecio, respecto, goce e valoración crítica das obras artísticas e culturais; a promoción da participación na vida e a actividade cultural da sociedade na que se vive; e por último, o desenvolvemento da capacidade de esforzo, constancia e disciplina para a creación de calquera produción artística de calidade.

## b) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsábel, inspirada polos valores da Constitución española así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsábel e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes, e en particular a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral coma na escrita, a lingua castelá e, no seu caso, a lingua cooficial da súa Comunidade Autónoma.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

## c) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

### 1.Temporalización

### 2. Grao mínimo de consecución para superar a materia

### 3. Procedementos e instrumentos de avaliación

| | Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato. | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | Bloque 1. Comprensión de textos orais | | | | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ f | ▪ B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:<br>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.<br>– Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.<br>– Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais).<br>– Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.<br>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, | ▪ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.<br>▪ B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos ou abstractos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.<br>▪ B1.3. Comprender o esencial e a información relevante en situacións comúns, aínda que poidan | ▪ SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ 1ª aval. | ▪ SI | ▪ Écoute d´un discours |
| | | | ▪ SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | ▪ 1ª aval. | ▪ SI | ▪ Écoute d´annonces |
| | | | ▪ SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ 1ª aval. | ▪ SI | ▪ Écoute d'un programme de radio ou TV |

| | Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato. | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | etc.).<br>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas, e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.).<br>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.<br>▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa, e conciencia da importancia de chegar a comprender textos orais sen precisar entender todos os seus elementos.<br>▪ B1.3. Constancia no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición | necesitar unha xestión ou transacción menos habitual (explicacións a unha reclamación, cancelación dun servizo, etc.) que impliquen a solicitude de datos, realización de accións, formas de pagamento, etc.), sempre que lle poidan repetir o dito.<br>▪ B1.4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, sobre argumentacións básicas, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes do ámbito persoal ou público, suposicións e hipóteses, sensacións e sentimentos básicos, claramente estruturados e articulados a unha velocidade lenta ou media, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.<br>▪ B1.5. Comprender o sentido xeral e información esencial en presentacións ben estruturadas sobre temas coñecidos e predicibles, e de programas de televisión tales como informativos, entrevistas ou anuncios e películas, sempre que as imaxes sexan suficientemente redundantes para facilitar a comprensión. | actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible (datos persoais, formación, gustos, intereses e expectativas ou plans de futuro), sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo. | | | | |
| | | | ▪ SLEB1.4. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes e centros docentes), ou menos habituais pero referidas a necesidades inmediatas en situacións de comunicación comúns se pode pedir confirmación dalgúns detalles. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ 2ª aval. | ▪ SI | ▪ Écoute d´une conversation dans une situation spécifique |
| | | | ▪ SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal e sinxela na que participa, explicacións ou xustificacións básicas de puntos de vista e opinións, sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns ou menos habituais, articulados de maneira clara, así como a formulación de hipóteses, a expresión de | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ 2ª aval. | ▪ SI | ▪ Écoute d´un extrait de film |

| | Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato. | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | do dito. | | sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas como a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade,se a persoa interlocutora está disposta repetir ou reformular o dito. | | | | |
| | | | ▪ SLEB1.6. Identifica, con apoio visual, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional, e os aspectos máis significativos de noticias de televisión claramente articuladas, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturados e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua e cando as imaxes faciliten a comprensión. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | ▪ 3ª aval. | ▪ SI | ▪ Écoute d´un document aire et faire un schéma |
| | Bloque 2. Produción de textos orais | | | | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ f | ▪ B2.1. Estratexias de produción:<br>– Planificación:<br>– Identificación do | ▪ B2.1. Aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais breves ou de lonxitude media, aínda que poidan producirse pausas, vacilacións ocasionais ou | ▪ SLEB2.1. Participa activamente en intercambios comunicativos na aula, utilizando a maioría das veces a lingua estranxeira, producindo mensaxes adecuadas | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ 1ª aval. | ▪ SI | ▪ Se présenter |

| | Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato. | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.<br>– Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.<br>– Execución:<br>– Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica.<br>– Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos | reformulacións do que se quere expresar en situacións menos habituais ou en intervencións máis longas.<br>▪ B2.2. Interactuar, en situacións reais ou simuladas, con eficacia suficiente para narrar e describir experiencias, acontecementos, sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións e plans ou proxectos; e intercambiar información pouco complexa, pedir e dar indicacións ou instrucións sinxelas con certo detalle, xustificar brevemente opinións e puntos de vista; formular hipóteses e facer suxestións, e expresarse sobre temas algo abstractos, como películas, música, libros, etc.<br>▪ B2.3. Intercambiar de xeito sinxelo pero eficaz, con pronuncia clara e intelixible, información en situacións de comunicacióalumnado e menos habituais, pero predicibles, nas que teña que expresar o acordo, o desacordo, o interese, a posibilidade e a imposibilidade, usando un repertorio de expresións frecuentes no ámbito público (doenzas, pequenas reclamacións, | ás situacións de comunicación reais ou simuladas, e colaborando para entender e facerse entender. | | | | |
| | | | ▪ SLEB2.2. Fai presentacións breves, con certa fluidez, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | ▪ 2ª aval. | ▪ SI | ▪ Présenter un sujet à son groupe de classe |
| | | | ▪ SLEB2.3. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | ▪ 1ª aval. | ▪ SI | ▪ Faire une interview |

| | Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato. | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | previamente asimilados e memorizados.<br>– Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.<br>– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os | menús alternativos, accidentes, etc.), así como a expresión básica dos sentimentos e os intereses persoais, tales como satisfacción, desgusto, admiración e sorpresa.<br>▪ B2.4. Producir textos de extensión breve ou media, tanto cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, cun discurso comprensible e adecuado á situación e utilizando as estratexias necesarias para iniciar, manter e facer progresar a comunicación.<br>▪ B2.5. Participar en situacións de comunicación formais que impliquen intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou indicacións habituais para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se poida necesitar a axuda da persoa interlocutora, e sendo quen de intercambiar información e opinións, dar instrucións, xustificar brevemente os motivos de accións e plans, e argumentar de xeito sinxelo pero eficaz. | inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade. | | | | |
| | | | ▪ SLEB2.4. Desenvólvese adecuadamentee utiliza estratexias de comunicación lingüísticas e xestos apropiados para facerse entender, en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ 2ª aval. | ▪ SI | ▪ Création d´un dialogue pour résoudre un problème de logement par exemple |

| | Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato. | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | recursos lingüísticos dispoñibles.<br>– Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.<br>– Lingüísticos:<br>– Modificación de palabras de significado parecido.<br>– Definición ou reformulación dun termo ou expresión.<br>– Uso da lingua materna ou "estranxeirización" de palabras da lingua meta.<br>– Petición de axuda.<br>– Paralingüísticos:<br>– Sinalación de obxectos, | | ▪ SLEB2.5. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | ▪ 3ª aval. | ▪ SI | ▪ Débat sur un sujet |

| | Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato. | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | usando deícticos ou realizando accións que aclaran o significado.<br>– Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas e contacto visual ou corporal).<br>– Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.<br>▪ B.2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.<br>▪ B2.3. Rutinas ou | | | | | | |

| | Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato. | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | modelos comúns de interacción segundo o tipo de situación de comunicación. | | | | | | |
| | Bloque 3. Comprensión de textos escritos | | | | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ f | ▪ B3.1. Estratexias de comprensión:<br>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.<br>– Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).<br>– Distinción de tipos de comprensión necesarios para a | ▪ B3.1. Utilizar estratexias (recurso ás imaxes, a títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e das expresións non coñecidas.<br>▪ B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas de carácter público, institucional ou corporativo.<br>▪ B3.3. Comprender información relevante en textos do seu interese, descritivos ou narrativos, de certa lonxitude e ben estruturados, nos que se informa de acontecementos, se describen | ▪ SLEB3.1. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; recoñece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, adecuados ao seu nivel escolar, sempre que poida reler as seccións difíciles. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ 1ª aval. | ▪ SI | ▪ Lecture compréhensive d´un article de presse |
| | | | ▪ SLEB3.2. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo claramente | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | ▪ 1ª aval | ▪ SI | ▪ Inscription à un stage |

| | Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato. | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).<br>– Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.<br>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas.<br>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.<br>▪ B3.2. Recoñecemento da estrutura das cartas formais (remitente, cabeceira, lugar e data, asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da | accións, persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións, crenzas ou valores con expresións sinxelas.<br>▪ B3.4. Comprender en textos formais un repertorio básico de expresións fixas para rexeitar (agradecendo ou xustificando), acceder (con reservas ou condicións); expresar posibilidade, imposibilidade ou obriga de facer algo; conceder e denegar (con ou sen obxeccións); aconsellar, recomendar ou animar a facer algo.<br>▪ B3.5. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves ou de lonxitude media e ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns ou menos habituais, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos, a ocupación ou o traballo, e que conteñan estruturas e un léxico de uso común, tanto de carácter xeral como máis específico. | estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (organización de grupos de traballo, información sobre actividades de formación específicas, etc.). | | | | |
| | | | ▪ SLEB3.3. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural). | ▪ CCL<br>▪ CD | ▪ 2ª aval | ▪ SI | ▪ Lecture compréhensive d´un mode d´emploi |
| | | | ▪ SLEB3.4. Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as súas relacións, e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ 2ª aval. | ▪ SI | ▪ Lecture compréhensive d´un texte littéraire narratif |
| | | | ▪ SLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos; nas que se narran | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA | ▪ 2ª aval. | ▪ SI | ▪ Lecture et interprétation d´un blog |

| | Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato. | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | carta, despedida e sinatura). | | feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese. | | | | |
| | | | ▪ SLEB3.6. Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estadía de estudos no estranxeiro). | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CD | ▪ 2ª aval. | ▪ SI | ▪ Lecture compréhensive d´une brochure sur un voyage |
| | | | ▪ SLEB3.7. Entende información específica importante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 3ª aval. | ▪ SI | ▪ Lecture compréhensive d´un site d´ internet |

| | Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato. | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | | | intereses. | | | | |
| | Bloque 4. Produción de textos escritos | | | | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ f | ▪ B4.1. Estratexias de produción:<br>– Planificación:<br>– Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).<br>– Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).<br>– Uso de elementos coñecidos obtidos | ▪ B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicaras estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos sinxelos de lonxitude breve ou media (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), incorporando esquemas e expresións de textos modelo con funcións comunicativas similares ao texto que se quere producir.<br>▪ B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.<br>▪ B4.3. Escribir mensaxes breves, en calquera soporte, con información, instrucións e indicacións básicas e opinións sinxelas, destacando os aspectos que resulten importantes ou do seu interese para o tema que se trate.<br>▪ B4.4. Producir correspondencia formal básica para solicitar ou dar información relativa a bens e servizos, a partir de modelos | ▪ SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra, de xeito lineal e coherente, feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSC | ▪ 2ª aval. | ▪ SI | ▪ Production d´un journal |
| | | | ▪ SLEB4.2. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.), cunha finalidade específica, como solicitar unha bolsa. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA | ▪ 1ª aval | ▪ SI | ▪ Remplir un questionnaire d´inscription dans une activité |
| | | | ▪ SLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera | ▪ CCL<br>▪ CD | ▪ 1ª aval. | ▪ SI | ▪ Participation dans un forum |

| | Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato. | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.<br>– Execución:<br>– Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.<br>– Estruturación do contido do texto.<br>– Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.<br>– Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.<br>– Reaxuste da tarefa (emprender | sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística, de ser o caso, cunha presentación do texto limpa e ordenada.<br>▪ B4.5. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves ou de lonxitude media, coherentes e de estrutura clara, sobre temas de interese persoal, ou asuntos cotiáns ou menos habituais, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de expresións e estruturas, e un léxico de uso frecuente, tanto de carácter xeral como máis específico dentro da propia área de especialización ou de interese. | soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén nas redes socias. | ▪ CAA | | | thématique |
| | | | ▪ SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada do texto. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CD<br>▪ CSC | ▪ 2ª aval. | ▪ SI | ▪ Lettre de demande d´information sur des études |
| | | | ▪ SLEB4.5. Escribe, nun formato convencional, informes expositivos breves e sinxelos, atendendo á súa estrutura básica e particularidades sintáctico-discursivas elementais, nos que dá información esencial sobre un tema educativo, ocupacional ou menos habitual, describindo | ▪ CCL<br>▪ CCSC<br>▪ CD | ▪ 3ª aval | ▪ SI | ▪ Petite composition sur un sujet |

| | Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato. | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.<br>– Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "botar unha man", etc.).<br>– Revisión:<br>– Identificación de problemas, erros e repeticións.<br>– Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.<br>– Presentación coidada do texto | | brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións. | | | | |

| | Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato. | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.)<br>– Reescritura definitiva.<br>▪ B4.2. Elaboración de cartas formais respectando a súa estrutura: remitente, cabeceira, lugar e data, asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura.<br>▪ B4.3. Elaboración de informes expositivos elementais e breves, organizados nunha estrutura básica que inclúa unha introdución, o corpo do informe, a conclusión e a bibliografía; e prestando atención ás estruturas sintáctico-discursivas que adoitan predominar neste tipo de texto (subordinacións relativas, finais, | | | | | | |

| | Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato. | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | causais, etc.). | | | | | | |
| | Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe | | | | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ f<br>▪ p | ▪ B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:<br>– Sons e fonemas vocálicos.<br>– Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.<br>– Procesos fonolóxicos máis básicos.<br>– Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.<br>▪ B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:<br>– Uso das normas básicas de ortografía da palabra.<br>– Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, | ▪ B5.1. Expresarse de xeito claro e comprensible e coa suficiente fluidez para facerse entender, aínda que poidan producirse pausas e mesmo se as persoas interlocutoras poden necesitar repeticións cando se trata de palabras e estruturas pouco frecuentes, en cuxa articulación poden cometerse erros que non interrompan a comunicación.<br>▪ B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, de puntuación e de formato máis frecuentes con razoable corrección de modo que se comprenda a mensaxe, aínda que pode darse algunha influencia da primeira ou doutras linguas; e saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet.<br>▪ B5.3. Utilizar, para a comprensión e | ▪ SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC | ▪ 1ª aval. | ▪ SI | ▪ Création et lecture d´un petit poème |
| | | | ▪ SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito, e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir, adecuando a súa produción ás convencións sociolingüísticas da lingua meta. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 1ª aval. | ▪ SI | ▪ Dialogue type |
| | | | ▪ SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 2ª aval. | ▪ SI | ▪ Traduction d´un texte |

| | Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato. | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.<br>▪ B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:<br>– Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.<br>– Achegamento aos hábitos e ás actividades de estudo, traballo e lecer, condicións de vida e relacións interpersoais (nos ámbitos educativo, ocupacional e institucional); o contorno xeográfico básico (clima, rexións) e referentes artístico-culturais | a produción de textos orais e escritos, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida e contorno socioeconómico, relacións interpersoais (xeracionais ou nos ámbitos educativo, ocupacional e institucional), e convencións sociais (actitudes e valores), así como os aspectos culturais xerais que permitan comprender e expresar adecuadamente información e ideas presentes nos textos.<br>▪ B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.<br>▪ B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando | ▪ SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | ▪ CCL<br>▪ CCSC<br>▪ CCEC | ▪ 2ª aval. | ▪ SI | ▪ Crétion d´une brochure |
| | | | ▪ SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, organizar unha tarefa, etc.), utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar, suficientes para comunicar con eficacia. | ▪ CCL<br>▪ CCSC<br>▪ CAA | ▪ 3ª aval. | ▪ SI | ▪ Débat par groupes |

| | Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato. | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | (feitos históricos e personaxes relevantes).<br>– Recoñecemento de valores, crenzas, actitudes e tradicións fundamentais, e calquera outro aspecto cultural de interese, así como os aspectos culturais básicos que permitan comprender os países onde se fala a lingua estranxeira e actuar neles adecuadamente.<br>– Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.<br>– Actitude receptiva e | estereotipos lingüísticos ou culturais.<br>▪ B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións requiridas polo propósito comunicativo e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos habituais para iniciar e concluír o texto adecuadamente, organizar a información de xeito claro, ampliala con exemplos ou resumila.<br>▪ B5.7. Coñecer e utilizar léxico escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, e un repertorio limitado de expresións e modismos de uso frecuente. | | | | | |

| | Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato. | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.<br>▪ B5.4. Plurilingüismo:<br>– Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.<br>– Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que | | | | | | |

| | Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato. | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | posúe como persoa plurilingüe.<br>– Recurso aos coñecementos e ás experiencias lingüísticas noutras linguas que coñece (patróns discursivos para a organización e ampliación ou restruturación da información; elementos adecuados de coherencia e de cohesión textual para organizar o discurso, facer progresar o tema, etc.).<br>▪ B5.5. Funcións comunicativas:<br>– Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.<br>– Descrición de calidades físicas e abstractas moi | | | | | | |

| | Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato. | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.<br>– Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.<br>– Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.<br>– Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.<br>– Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.<br>– Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a | | | | | | |

| | Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato. | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.<br>– Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.<br>▪ B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a aspectos culturais variados:<br>– Vida cotiá: alimentación (pratos e produtos típicos, costumes alimentarios, tabús, convencións sociais, horarios, etc.); familia e amizades; actividades de lecer; viaxes e transportes; festas e celebracións; saúde; educación; compras e actividades | | | | | | |

| | Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato. | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Mínimo esixible | Proc. e Instr. avaliación |
| | comerciais; bens e servizos básicos; contorno (clima, campo, cidade e lugares máis representativos); tecnoloxía (aparellos de uso cotián), e e calquera outro que se considere de interese.<br>– Expresións fixas e enunciados fraseolóxicos básicos e moi habituais.<br>▪ B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma. | | | | | | |

## Contidos sintáctico-discursivos de Francés de 2º Bac:

**Expresión de relacións lóxicas**: conxunción; disxunción; oposición/concesión (*seulement si, même si, quoique, malgré que + Subj.* (para un feito real); causa (*étant donné que*); finalidade (*pour que, dans le but que, de façon/manière à ce que, afin que + Subj.*); comparación (*c'est le meilleur/pire … que + Subj., autant/tant*); consecuencia (*si bien que*); condición (*à condition de + Inf., à moins de + inf., au/dans le cas où (+ conditionnel)*)).

**Estilo indirecto**: presente e pasado.

**Relacións temporais** (*auparavant, alors que, en attendant, tant que, aussitôt,dès, tandis que*).

**Exclamación** (*Comme si…!*).

**Negación** (*pas question, pas du tout*).

**Interrogación** (*Question rapportée, ex: Il me demande à quelle heure commence le film*).

**Expresión do tempo**: presente; pasado (*plus-que-parfait*); futuro (*futur antérieur*).

**Expresión do aspecto:** puntual (frases simples); durativo (*à cette époque là…*); habitual (*nº de fois par… mois/an…*); incoativo (*être prêt à…*);terminativo (*arrêter de)*.

**Expresión da modalidade**: factualidade; capacidade; posibillidade/probabilidade(*il est possible que, il se peut que*); necesidade; obriga/prohibición (*n'avoir qu'à…, il n' a qu'à…*); permiso (*Puis-je*…?); intención/desexo (*exprimer le souhait qui concerne un autre: j'aimerais que/ je voudrais que/ j'aurais envie que/ ça me plairait que + Subj.*); *voix passive*; condicionalcortesía.

**Expresión da existencia:** presentativos; a entidade (artigos, sustantivos, pronomes persoais, adxectivos e pronomes demostrativos;

**Pronomes persoais** OD e OI, "*en*", "*y*",

**Proposicións adxectivais** (*lequel, laquelle, lesquels, lesquelles, auquel, duquel*));

**A cualidade;**

**A posesión** (pronomes posesivos).

**Expresión da cantidade** (*environ, à peu près, plus ou moins, le double, le triple…,* artigos partitivos, adverbios de cantidade e medidas) e do grao.

**Expresión do espazo** (*prépositions et adverbes de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination*).

**Expresión do tempo:** puntual (*demain à cette heure-là, hier à cette heure-ci,*) divisións (*hebdomadaire, mensuel, annuel…*); indicacións de tempo, duración *(toujours (ex: Il travaille toujours à Paris?*); anterioridade (*en attendant*); posterioridade (*à peine … que, aussitôt que*); secuenciación (*pour conclure, pour faire le bilan, si on fait le point, comme conclusion* simultaneidade (*le temps de + Inf., une fois que*); frecuencia (*de temps en temps).*

**Expresión do modo** (*Adv. de manière en -emment, -amment, ainsi)*

## d) Concrecións metodolóxicas que require a materia

Todo proceso de ensino-aprendizaxe debe partir dunha planificación rigorosa do que se pretende conseguir, tendo claro cales son os obxectivos ou metas, que recursos son necesarios, que métodos didácticos son os máis adecuados e como se avalía a aprendizaxe e se retroalimenta o proceso.

A natureza da materia, as condicións socioculturais, a dispoñibilidade de recursos e as características dos alumnos e alumnas condicionan o proceso de ensino-aprendizaxe, polo que será necesario que o método seguido polo profesor se axuste a estes condicionantes co fin de propiciar una aprendizaxe competencial no alumnado.

Os métodos deben partir da perspectiva do docente como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado; así mesmo, deben ter en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.

No actual proceso de inclusión das competencias como elemento esencial do currículo, é preciso sinalar que calquera das metodoloxías seleccionadas polos docentes para favorecer o desenvolvemento competencial dos alumnos e alumnas se debe axustar ao nivel competencial inicial destes. Ademais, é necesario secuenciar o ensino de tal modo que se parta de aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara a outras máis complexas.

Un dos elementos clave no ensino por competencias é espertar e manter a motivación cara á aprendizaxe no alumnado, o que implica unha nova formulación do papel do alumno, activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe.

Os métodos docentes deberán favorecer a motivación por aprender nos alumnos e alumnas e, para tal fin, os profesores deben ser quen de xerar neles a curiosidade e a necesidade por adquirir os coñecementos, as destrezas e as actitudes e valores presentes nas competencias. Así mesmo, co propósito de manter a motivación por aprender, é necesario que os profesores procuren todo tipo de axudas para que os estudantes comprendan o que aprenden, saiban para que o aprenden e sexan quen de usar o aprendido en distintos contextos dentro e fóra da aula.

Para potenciar a motivación pola aprendizaxe de competencias requírense, ademais, metodoloxías activas e contextualizadas. Aquelas que faciliten a participación e implicación do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos en situacións reais serán as que xeren aprendizaxes máis transferibles e duradeiras.

A selección e uso de materiais e recursos didácticos constitúe un aspecto esencial da metodoloxía. O profesorado débese implicar na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais.

Aprender unha lingua estranxeira é un proceso complexo que lle esixe ao alumnado a realización dunha enorme serie de accións encadeadas (observar, recoñecer, efectuar hipóteses, inferir, deducir, transferir...) que lle afectan moi directamente e o implican como persoa.

Cando este proceso ten lugar con alumnos adolescentes , aparece con frecuencia unha dificultade engadida: a falta de motivación e o medo ao ridículo na interacción grupal ao usar unha lingua que non dominan. De aí a importancia da creación dun ambiente de traballo distentido e relaxado na aula de lingua estranxeira que facilite as actividades que se van a realizar.

**Seguindo as recomendacións do Marco Común Europeo de Referencia (MCER)**, anímase ao alumnado a organizar e expresar as súas propias ideas, experiencias e opinións a través de tarefas de expresión escrita e oral, e a avaliar as súas propias habilidades lingüísticas segundo se vaian traballando ao longo do curso. Un alumno/a que estude a lingua neste nivel debería ser competente na maior parte de capacidades lingüísticas expresadas no nivel B1-B2, é dicir, un usuario independente que:

- é capaz de comprender os puntos principais de textos claros e en lingua estándar, que tratan sobre cuestións que lle son coñecidas, xa sexa en situacións de traballo, de estudo ou de lecer.

- sábese desenvolver na maior parte das situacións que poden xurdir durante unha viaxe por zonas onde se utiliza a lingua.

- é capaz de producir textos sinxelos e coherentes sobre temas que lle son familiares ou nos que ten un interese persoal.

- pode describir experiencias, acontecementos, desexos e aspiracións, así como xustificar brevemente as súas opinións ou explicar os seus plans.

***A aprendizaxe ao longo deste curso e coa axuda/consulta de diferentes métodos*** articúlase ao redor dos seguintes principios básicos:

• Ensinar a lingua estranxeira co fin de que o alumno/a logre comunicarse e desenvolverse con éxito, no plano oral e no escrito, de xeito natural.

• Profundar no desenvolvemento das estratexias de aprendizaxe para que poida enfrontarse con éxito a situacións reais de comunicación.

• Conseguir que entenda o funcionamento do sistema lingüístico e reflexione sobre o mesmo, comparándoo coa súa lingua materna para alcanzar un bo nivel de comunicación.

• Profundizar no sistema fonético, as funcións gramaticais e no vocabulario de modo que poida recoñecelos e empregalos en situacións reais de comunicación.

• Fomentar a expresión das ideas e puntos de vista persoais do alumno para crear unha comunicación real.

• Desenvolver e dominar de forma integrada as catro destrezas básicas: *lire, écrire, écouter et parler.*

• Ofrecerlle todas as facilidades posibles para que amplíe os seus coñecementos sobre os aspectos socioculturais da lingua francesa e asimile a cultura da que forma parte, evitando así que exprese os seus logros só en termos morfosintácticos e funcionais.

• Espertar no alumnado a responsabilidade de conseguir a autonomía na súa aprendizaxe, recoñecendo os métodos de estudo e o tipo de organización que máis lle conveña.

• Motivalo con temas de interese e ofrecerlle unhas metas claras ao longo do curso.

• Fomentar a auto avaliación como ferramenta imprescindible para conseguir un progreso eficaz na aprendizaxe.

## e) Materiais e recursos didácticos que se vaia utilizar

A selección e uso de materiais e recursos didácticos constitúe un aspecto esencial da metodoloxía. O profesorado débese implicar na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais.

**MATERIAL EMPREGADO**

Toda a materia necesaria para a materia está colgada na aula virtual do centro. O alumnado ten acceso a ela, previa matriculación do profesorado que imparta neste nivel.
A materia estructúrase en dous grandes bloques por trimestre:

- Grammaire: neste apartado atópase a teoría gramatical esencial deste curso e unha gran variedade de exercicios para poder praticala (en diversos formatos: pdf, interactivos)

- Lexique: neste bloque agrúpase o léxico necesario en cada trimestre así como vídeos, audios, textos de distintos rexistros cos que poder por en práctica o léxico, tanto de forma oral como de forma escrita.

Ademáis, están colgados nesta materia:

- Os exames ABAU de todos os anos (que practicaremos ao longo do curso)
- Modelos de exame DELF B1 e B2 así como textos, comprensións oráis, expresións escritas para practicar antes do exame (en caso de que se presenten)

O material empregado está extraído de diversos métodos e páxinas web como Les Zexperts; TV5 Monde, Le point du Fle, Cap sur le fle, Fle nantes, etc.

## f) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

O alumnado de 1º e 2º de Bacharelato, unha vez asentadas as bases de Gramática e Vocabulario adquiridas ao longo da ESO, deben ser orientados na adquisición das competencias en lingua estranxeira, traballando en profundidade as catro destrezas que establece o Marco Común Europeo das Linguas.

-Os alumnos terán 3 AVALIACIÓNS
-Non haberá RECUPERACIÓN dos exames de Avaliación

- Non haberá EXAME FINAL da materia en xuño

Para OBTER A NOTA de cada avaliación farase a media ponderada das cualificacións obtidas ao longo do Trimestre, valorándoas do seguinte xeito:

Nota Media das probas/ exames de Compréhension Orale : 20%

Nota Media das probas/exames de Compréhension Écrite : 20%

Nota Media das probas/exames de Expression Orale: 20%

Nota Media das probas/exames de Expression Écrite: 20%

Nota Media dos exames de Gramática e Vocabulario: 20%

Unha vez achada a nota de cada avaliación ou a nota final de xuño, e en caso de non obter unha cifra exacta senón con decimais, o REDONDEO farase atendendo à disposición do alumno cara a materia, ao traballo, á atención, á participación, ao interese, etc. **e sempre a partir de 0,6**.

NOTA: En caso de detectar que o alumno está realizando unha proba de xeito fraudulento ou, simplemente, copiando por un compañeiro, o profesor procederá a retirarlle o exame . A cualificación do mencionado exame será de 0 e fará media co resto das probas do trimestre.

**A NOTA FINAL DA MATERIA** obterase facendo a media entre a nota final de cada unha das avaliacións (cos decimais) **O redondeo farase sempre a partir de 0,6.**

Os alumnos que **non superen** a materia AO REMATE DO CURSO, deberán presentarse á Proba Extraordinaria de xuño.

**Na convocatoria extraordinaria de xuño o exame incluirá os contidos mínimos da materia impartida ao longo do curso, contidos dos que o profesorado correspondente informará ao alumnado que deberá pasar a mencionada proba extraordinaria . A proba será escrita, e para superala é imprescindible obter un 5 nela.**

## g) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

Os docentes avalían tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, a través dos  indicadores de logro incorporados na programación docente.

Os Estándares de Aprendizaxe, considerados como concrecións dos Criterios de Avaliación do Currículo de cada área ou materia, permítennos definir os resultados da aprendizaxe e concretar o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada materia. Os indicadores de logro permítennos avaliar en catro niveis as aprendizaxes que o alumnado consolidou respecto aos obxectivos marcados en cada Estándar.

Este feito permítelle ao docente, ao mesmo tempo, avaliar os resultados das estratexias e medidas educativas  que adoptou ao longo da súa práctica educativa para facilitar que o alumnado acade os obxectivos establecidos en cada Estándar de aprendizaxe.

A avaliación tanto dos procesos de aprendizaxe do alumnado como da propia práctica docente será continua. A avaliación docente terá, á súa vez, como obxectivo adaptar as estratexias educativas adoptadas ao longo do curso ás necesidades específicas do alumnado.

Os indicadores de logro permiten, neste sentido, identificar os coñecementos, capacidades, competencias... que en relación a un alumno individual ou ao conxunto da clase deben ser consolidados, permitindo adaptar a práctica educativa ás necesidades específicas dos alumnos para que poidan alcanzar as ensinanzas establecidas nos correspondentes estándares de aprendizaxe.

En relación á práctica docente os indicadores de logro permiten valorar:

– Se se está cumprindo coa planificación: actividades, tempos, responsabilidades,…

– Se existe desviación entre o obxectivo definido e a acción ou accións deseñadas para conseguilo.

– Se se están conseguindo outras cousas distintas ás planificadas intencionalmente.

– Se se está progresando na liña definida no obxectivo.

– Se os resultados obtidos xeran satisfacción nos implicados

Dentro do proceso de ensino e aprendizaxe, o equipo docente de cada grupo do alumnado celebrará sesións de avaliación para valorar tanto as aprendizaxes do alumnado, como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

O equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis adecuadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais que permitan salientar as dificultades.

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | BLOQUE 1:Comprensión de Textos Orais | | | |
|---|---|---|---|---|
| | INDICADORES DE LOGRO | | | |
| | En vías de adquisición<br>NIVEL 1 | Adquirido<br>NIVEL 2 | Avanzado<br>NIVEL 3 | Excelente<br>NIVEL 4 |
| 1. Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara (p. e. en estacións ou aeroportos), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado. | Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara con dificultade e con necesidade de repeticións e con apoio xestual. | Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara con algunha dificultade e con necesidade de repeticións. | Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e claras en ningunha dificultade e con necesidade de repeticións. | Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e claras en ningunha dificultade e sen necesidade de repeticións. |
| 2. Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (p. e. en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros de estudos). | Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas con bastante dificultade e con necesidade de repeticións e con apoio xestual. | Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas con apoio visual e con necesidade de repetición. | Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas con apoio visual e sen necesidade de repetición. | Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas e sen necesidade de repetición. |
| 3. Comprende, nunha conversación informal na que participa, | Ten dificultade en identificar as ideas principais nunha conversación informal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición. | Identifica as ideas principais nunha conversación informal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición. | Identifica as ideas principais nunha conversación informal con apoio visual e xestos, sen necesidade de repetición. | Identifica as ideas principais nunha conversación informal sen apoio visual nin xestos. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| descricións, narracións e opinións formulados en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente e se o interlocutor está disposto a repetir ou reformular. | | | | |
| 4. Comprende, nunha conversación formal na que participa (p. e. nun centro de estudos), preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo. | Ten dificultade en identificar as ideas principais nunha conversación formal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición. | Identifica as ideas principais nunha conversación formal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición. | Identifica as ideas principais nunha conversación formal con apoio visual e xestos, sen necesidade de repetición. | Identifica as ideas principais nunha conversación formal sen apoio visual nin xestos. |
| 5. Identifica as ideas principais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese articulados con lentitude e claridade (p. e. noticias ou reportaxes breves), cando as imaxes | Ten dificultades en identificar as ideas principais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese con necesidade destes apoios: visual, xestos e repeticións. | Sabe identificar o sentido global e as informacións esenciais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese con necesidade destes apoios: visual, xestos e/ou repeticións. | Sabe identificar o sentido global e as informacións esenciais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese con necesidade de polo menos un destes apoios: visual, xestos ou repeticións | Sabe identificar o sentido global e as informacións esenciais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese sen necesidade de apoio visual, xestos nin repeticións. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| constitúen gran parte da mensaxe. | | | | |

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | BLOQUE 2:Produción De Textos Orais: Expresión e Interacción | | | |
|---|---|---|---|---|
| | INDICADORES DE LOGRO | | | |
| | En vías de adquisición<br>NIVEL 1 | Adquirido<br>NIVEL 2 | Avanzado<br>NIVEL 3 | Excelente<br>NIVEL 4 |
| 1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, sobre aspectos concretos de temas xerais ou relacionados con aspectos básicos dos seus estudos, e responde preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o seu contido se se articulan clara e lentamente. | Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, e responde preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o seu contido dunha maneira pouco clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, e responde preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o seu contido dunha maneira clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, e responde preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o seu contido dunha maneira clara, con algunhas pausas, sen necesidade de repeticións e con apoio de xestos. | Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, e responde preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o seu contido dunha maneira clara utilizando expresións previamente traballadas e apoiándose en xestos. |
| 2. Desenvólvese coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de | Desenvólvese con dificultade en xestións e transaccións cotiás, dunha maneira pouco clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Participa en interaccións sinxelas aparecendo nelas numerosos aspectos sociolingüísticos básicos comparando coa cultura francesa dunha maneira clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Participa en interaccións sinxelas aparecendo nelas numerosos aspectos sociolingüísticos básicos comparando coa cultura francesa dunha maneira clara, con algunhas pausas, sen necesidade de repeticións e con apoio de xestos. | Participa en interaccións sinxelas aparecendo nelas numerosos aspectos sociolingüísticos básicos comparando coa cultura francesa dunha maneira clara utilizando expresións previamente traballadas e apoiándose en xestos. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| cortesía básicas (saúdo e tratamento). | | | | |
| 3. Participa en conversacións informais breves, cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións de maneira sinxela e breve, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta. | Participa en conversacións cara a cara con algunha dificultade na comprensión e con problemas no uso de patróns sonoros, rítmicos e de entoación adecuados. | Participa en conversacións cara a cara con algunha dificultade na comprensión pero cun uso de patróns sonoros, rítmicos e de entoación adecuados. | Participa en conversacións cara a cara dunha maneira comprensible con patróns sonoros, rítmicos e de entoación adecuados. | Participa en conversacións cara a cara dunha maneira totalmente comprensible con correctos patróns sonoros, rítmicos e de entoación adecuados. |
| 4. Desenvólvese de maneira simple nunha conversación formal ou entrevista (p. e. para realizar un curso de verán), achegando a información necesaria, expresando de maneira sinxela as súas opinións sobre temas habituais, e reaccionando de forma simple ante comentarios formulados de maneira lenta e clara, sempre que poida | Desenvólvese con dificultade nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira pouco clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Desenvólvese nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Desenvólvese con dificultade nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira clara, con algunhas pausas, sen necesidade de repeticións e con apoio de xestos. | Desenvólvese con dificultade nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira clara utilizando expresións previamente traballadas e apoiándose en xestos. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita. | | | | |

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLE | Bloque 3: Comprensión de textos escritos | | | |
|---|---|---|---|---|
| | INDICADORES DE LOGRO | | | |
| | En vías de adquisición<br>NIVEL 1 | Adquirido<br>NIVEL 2 | Avanzado<br>NIVEL 3 | Excelente<br>NIVEL 4 |
| 1. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián (p. e. unha máquina expendedora), así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas (p. e. nun centro de estudos). | Identifica con dificultade instrucións xerais, con axuda da imaxe. | Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais. | Identifica, sen ningunha dificultade, instrucións xerais con axuda da imaxe. | Identifica, sen apoio de imaxes, instrucións xerais. |
| 2. Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato na que se fala dun mesmo; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos pasados, e se expresan de maneira | Identifica con dificultade a función comunicativa de correspondencia persoal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras, en textos breves e sinxelos escritos de temas familiares ou da súa contorna. | Identifica a función comunicativa de correspondencia persoal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos breves e sinxelos escritos de temas familiares ou da súa contorna. | Identifica a función comunicativa e comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras e frases en textos breves e sinxelos escritos de temas familiares ou da súa contorna. | Identifica a función comunicativa e comprende sen ningunha dificultade correspondencia persoal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras e frases en textos breves e sinxelos escritos de temas familiares ou da súa contorna. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| sinxela sentimentos, desexos e plans, e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. | | | | |
| 3. Entende a idea xeral de correspondencia formal na que se lle informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (p. e. sobre un curso de verán). | Identifica con dificultade a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras, en textos breves e sinxelos escritos de temas familiares ou da súa contorna. | Identifica a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos breves e sinxelos escritos de temas familiares ou da súa contorna. | Identifica a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos breves e sinxelos escritos de temas familiares ou da súa contorna. | Identifica a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos breves e sinxelos escritos de temas familiares ou da súa contorna. |
| 4. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos moi breves en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen gran parte da mensaxe. | Recoñece con moitas dificultades palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con moita axuda visual e contextual para identificar o sentido global e o tema. | Recoñece con pouca dificultade palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con bastante axuda visual e contextual para identificar o sentido global e o tema. | Recoñece con pouca dificultade palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con pouca axuda visual e contextual para identificar o sentido global e o tema. | Recoñece sen ningunha dificultade palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con pouca axuda visual e contextual para identificar o sentido global e o tema. |
| 5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese (p. e. sobre unha cidade), sempre que poida reler as seccións difíciles. | Identifica con bastante dificultade palabras e frases en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas familiares para a comprensión do sentido global e información esencial do texto. | Entende con dificultade información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados para a comprensión do sentido global e información esencial do texto. | Identifica con pouca dificultade información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados para a comprensión do sentido global e información esencial do texto. | Identifica sen ningunha dificultade información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados para a comprensión do sentido global e información esencial do texto. |

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | BLOQUE 4:Produción de Textos Escritos: Expresión e Interacción | | | |
|---|---|---|---|---|
| | INDICADORES DE LOGRO | | | |
| | En vías de adquisición<br>NIVEL 1 | Adquirido<br>NIVEL 2 | Avanzado<br>NIVEL 3 | Excelente<br>NIVEL 4 |
| 1. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou afeccións (p. e. para asociarse a un club internacional de mozos). | Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa os seus intereses ou afeccións marcando con moita dificultade os datos ou outro tipo de información persoal. | Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa os seus intereses ou afeccións marcando con algunha dificultade os datos ou outro tipo de información persoal. | Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa os seus intereses ou afeccións marcando sen dificultade os datos ou outro tipo de información persoal. | Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa os seus intereses ou afeccións marcando case na súa totalidade os datos ou outro tipo de información persoal. |
| 2. Escribe notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía e da netiqueta máis importantes. | Escribe con moita dificultade notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), nos que realiza comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións utilizando poucas das estruturas dadas. | Escribe notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), nos que realiza comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións utilizando con algunha dificultade as estruturas dadas. | Escribe notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), nos que realiza comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións utilizando as estruturas dadas. | Escribe sen dificultade notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), nos que realiza comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións utilizando na súa totalidade as estruturas dadas. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 3. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (p. e. con amigos noutros países), se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (p. e. cancelan, confirman ou modifican unha invitación ou uns plans). | Escribe a partir dun modelo correspondencia persoal breve con moita dificultade. | Escribe a partir dun modelo correspondencia persoal breve utilizando un léxico adecuado pero con dificultade. | Escribe a partir dun modelo correspondencia persoal breve utilizando un léxico adecuado. | Escribe a partir dun modelo correspondencia persoal breve sen dificultade e utilizando un repertorio de léxico adecuado case na súa totalidade. |
| 4. Escribe correspondencia formal moi básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, e observando as convencións formais e as normas de cortesía | Escribe a partir dun modelo correspondencia formal moi básica e breve con moita dificultade. | Escribe a partir dun modelo correspondencia formal moi básica e breve utilizando un léxico adecuado pero con dificultade. | Escribe a partir dun modelo correspondencia formal moi básica e breve utilizando un léxico adecuado. | Escribe a partir dun modelo correspondencia formal moi básica e breve sen dificultade e utilizando un repertorio de léxico adecuado case na súa totalidade. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| básicas deste tipo de textos. | | | | |

## h) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non procede este curso.

## i) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato

No caso dos alumnos de bacharelato, o profesorado que imparte clase adicará os quince primeiros días de curso a traballar dun xeito sinxelo as catro competencias referidas ao Marco Común Europeo de Referencia (MCER), , para poder determinar o nivel do cal partir á hora de iniciar este 2º curso de ensino post- obrigatorio na materia.
Asimesmo, no caso de que un alumno/a queira incorporarse ao estudo da 1ª ou 2ªLEF en 2º de Bacharelato sen ter cursado previamente a materia en 1º de Bacharelato, deberá entrevistarse co Xefe de Departamento da materia, para que este valore a conveniencia de facerlle unha proba de nivel (no caso de ter cursado anteriormente a asignatura) ou, de non ser así, que reciba a consideración de materia pendente durante o curso.
Se é preciso considerala como materia pendente, o alumno/a seguirá as mesmas pautas que figuran no apartado de Pendentes da presente programación didáctica; é dicir, entregaráselle un caderno de actividades coincidindo coas dúas probas de pendentes que se realizan ao longo do curso e que o alumno deberá remitir ao profesor na data fixada. En caso de obter cualificación positiva en ambas, a materia quedaría superada; en caso contrario deberá presentarse ao exame de pendentes que se convoca no mes de Maio.

## j) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

A avaliación inicial faise normalmente no primeiro mes do curso escolar, con lixeiras variacións nas datas segundo a organización proposta pola Dirección do Centro.

O tipo de proba que se lle pasa ó alumnado na Avaliación inicial é moi similar para todos os cursos en canto o feito de recoller os contidos mínimos do curso precedente; falamos, evidentemente, de contidos gramaticais así como de expresión e vocabulario. Seguindo esta liña de traballo faise unha adaptación do modelo de proba segundo o nivel do grupo: nuns casos unha proba semellante ó exame tipo, noutros con textos ou unha combinación dos mesmos.

Unha vez valorados os resultados adóptanse as medidas oportunas tanto individuais como colectivas.

O profesorado de Linguas Estranxeiras está moi habituado a diferencias importantes de nivel, tanto na propia aula como entre os distintos grupos do mesmo nivel. Se é preciso unha atención colectiva, inténtase adecuar o nivel de todo o grupo ós coñecementos que teñen , e seguir un ritmo adecuado ata acadar o nivel requirido. En caso de detectar problemas a nivel individual, faise un seguimento máis personalizado daqueles alumnos que teñan un nivel inferior. É interesante valorar a posibilidade de que eses alumnos se coloquen con aqueles da clase que teñan un nivel máis alto e que poidan axudalos no discorrer da clase.

## k) Medidas de atención á diversidade

Nas medidas de atención a diversidade desta etapa teremos en conta a diversidade existente na aula en canto ao nivel de coñecementos e ao grado de facilidade para a aprendizaxe que teñen os alumnos.

Como punto de partida tomamos en conta catro ámbitos de diversidade:

-**A capacidade de aprender:**

Cada alumno ten o seu propio ritmo de aprendizaxe. Partimos da base de que todos son capaces de alcanzar un nivel mínimo, sempre que sigan un ritmo sostido de traballo, que pode ser diferente para cada un. Faremos un repaso continuo de estruturas e de vocabulario, dando tarefas con diferentes niveis de dificultade para poder integrar aos distintos tipos de alumnos/as.

- **A motivación para aprender:**

A motivación do alumno/a para aprender é moi diversa, sobre todo cando se trata dun idioma , xa que depende moito do historial de éxito ou de fracaso que tivese ata ese momento. En moitas ocasións, a motivación está directamente condicionada polo ambiente e polo contexto no que os alumnos se desenvolven.
Para elo seleccionaremos temas que fagan posible a implicación emocional do alumno, dado o noso convencemento de que cando se apela ao que directamente lles afecta ou lles interesa, a resposta ante o estimulo está asegurada.

- **Os estilos de aprendizaxe:**

Como ben é sabido, o alumno pode ser reflexivo ou impulsivo cando se enfronta ás súas tarefas escolares. Algúns alumnos poden reaccionar moi rapidamente e non obstante necesitar varios intentos para asimilar unha idea, mentres que outros poden traballar máis a conciencia e aprender máis amodo conseguindo o mesmo resultado.
Pensando nos diferentes estilos e niveis de desenvolvemento das capacidades de aprendizaxe deseñaremos varios tipos de actividades que den cabida aos distintos estilos de aprendizaxe, enmarcadas nunha secuencia de estratexias para que desenvolvan a súa autonomía en cada destreza comunicativa.
Por iso desde o principio fomentaremos a reflexión dos alumnos sobre a súa propia aprendizaxe, para que sexan conscientes do seu progreso e tamén aprendan de xeito máis efectivo, isto implica unha maior motivación e responsabilidade por parte do alumno.

- **Os intereses dos alumnos:**

Está comprobado que os intereses dos alumnos se diversifican moito máis en Bacharelato. O seu interese por aprender un idioma varía moito dependendo da súa motivación e/ou necesidade de facelo. Por iso trataremos unha gran variedade de temas, intentando que sexan de interese para unha gran maioría.
Ademais, levarase a cabo unha coidadosa selección de funcións co fin de que as poidan poñer en práctica nun futuro próximo, tales como as necesarias para responder un test de cultura xeral, manter unha conversacións informais entre a mocidade, escribir correos electrónicos, entender a xente da súa idade doutros países.

## l) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

2. Fomentarase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

3. Fomentarase as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

4. No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

## m) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico

As actividades contempladas polo departamento para 2º BAC son:

-Este curso, en caso de que a situación sanitaria o permita, intentaremos realizar a Viaxe cultural a Paris que viñamos levando a cabo dende fai xa moitos anos, en combinación algunha vez con un intercambio; non é frecuente que o alumnado de 2º de Bacharelato participe na actividade, pero o Departamento ofrece esa posibilidade, e con máis razón este curso, dadas as restricións dos precedentes.

- Actividade para a semana da francofonía: contacontos camerunés ou/e proxección dalgún vídeo realizado polos alumnos sobre a francofonía.

-Preparación DELF Scolaire.

## ñ) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Ao longo do curso nas reunións de departamento comentaranse o grao de consecución dos criterios de avaliación cos seus correspondentes estándares de aprendizaxe desta materia e constarán en acta as posibles modificacións.

Xunto con estas reflexións e acordos tomados polos membros do departamento durante o curso, ó final do mesmo os profesores cumplimentarán o **anexo II** valorando libro de texto, actividades realizadas, e o **anexo III**, relacionado cos obxectivos alcanzados, materia impartida e as cualificacións dos diferentes grupos.

Ademais pasaremos unha enquisa ós alumnos , **anexo I** , donde valorarán ó seu profesor e a materia impartida ó longo do curso e o libro de lectura.

A memoria final de curso será tamén un instrumento para concretar os principais problemas e boas prácticas en relación á programación.

Con todos estes datos os membros do departamento tomarán acordos e realizarán as modificacións pertinentes que se deberán incluir na programación do vindeiro curso.

# ANEXO I DEP. FRANCÉS

IES ISAAC DÍAZ PARDO. SADA

## Cuestionario de avaliación Curso: Grupo:

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1. Valora esta materia de 0 a 10 (Segundo o que che guste ou interese) | | Razóns: | | | | |
| 2. Coidas que aprendiches | nada | algo | pouco | bastante | moito | Porque… |
| 3. A materia resultouche | moi difícil | difícil | normal | fácil | moi fácil | Porque… |
| 4. O teu rendemento foi | nulo | escaso | suficiente | alto | moi alto | Porque… |
| 5.Traballaches | nada | pouco | o xusto | bastante | moito | Porque… |
| 6. Consideras que as explicacións do profesor/profesora foron | moi mala s | malas | normais | boas | moi boas | Porque… |
| 7. As relacións e o trato co profesor/profesora foron | moi mala s | malas | normais | boas | moi boas | Porque… |
| 8. Coidas que fuches avaliado, segundo os coñecementos e esforzo | moi mal | mal | regular | ben | moi ben | Porque… |
| 9. Recibiches por parte do profesor /profesora unhas instrucións | Insuficientes | | | Suficientes, pero mellorables | | Amplas, detalladas e precisas |
| 10. Con respecto ós exames e probas propostas (SI / NON nas casullas) | Fuches informado/a con tempo suficiente para preparalos | | | O seu contido e dificultade axustouse á materia traballada en clase perante a avaliación | | Entregáronche corrixidos e avaliados conforme os criterios establecidos con anterioridade |
| 11. Indica cales dos aspectos traballados durante o curso te resultaron mais difíciles | | | | | | Porque… |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 12. Indica as suxerencias que estimes oportunas para mellorar o tu rendemento nesta materia | Qué crees que deberías facer ti | | Qué crees que debería facer o Profesor/Profesora | |
| 13. Consideras que o teu nivel de expresión oral en francés é | Baixo | | Medio | Alto |
| 14. Consideras que a túa expresión escrita en francés é | Baixa | | Media | Alta |
| 15. Paréceche que o teu nivel de comprensión en francés é | Baixo | | Medio | Alto |
| 16. Paréceche que o teu coñecemento da cultura e da civilización francesas é | Baixo | | Medio | Alto |
| 17. Consideras que as actividades complementarias propostas polo departamento axudan a consolidar os teus coñecementos | Si | Non | Porque | |

VALORA DE 0 A 10 AS OBRAS DE LECTURA OBRIGATORIA e indica as razóns da túa valoración

| Titulo da obra | Valoración | Razóns |
|---|---|---|
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |

# ANEXO II

IES ISAAC DÍAZ PARDO. SADA

**Profesor/a:** **Departamento:**

| **Curso** | **Grupo** | Consideracións sobre o grupo | Valoración do libro de texto | Actividades realizadas (non programadas inicialmente) |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

Consideracións Xerais:

Suxerencias para o próximo curso:

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |

# ANEXO III

IES ISAAC DÍAZ PARDO. SADA

Profesor/a: **Departamento:**

| **Curso** | **Grupo** | Cualificacións | | | Obxectivos alcanzados | Unidades didácticas desenroladas | Unidades didácticas non desenroladas | Causas |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Superan a materia | 10 | | | | | |
| | | | 9 | | | | | |
| | | | 8 | | | | | |
| | | | 7 | | | | | |
| | | | 6 | | | | | |
| | | | 5 | | | | | |
| | | Non superan a materia | 4 | | | | | |
| | | | 3 | | | | | |
| | | | 2 | | | | | |
| | | | 1 | | | | | |
| | | Non Avaliados | | | | | | |
| | | Superan a materia | 10 | | | | | |
| | | | 9 | | | | | |
| | | | 8 | | | | | |
| | | | 7 | | | | | |
| | | | 6 | | | | | |
| | | | 5 | | | | | |
| | | Non superan a materia | 4 | | | | | |
| | | | 3 | | | | | |
| | | | 2 | | | | | |
| | | | 1 | | | | | |
| | | Non Avaliados | | | | | | |
| | | Superan a materi | 10 | | | | | |
| | | | 9 | | | | | |
| | | | 8 | | | | | |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | 7 | | | | | |
| | | | 6 | | | | | |
| | | | 5 | | | | | |
| | | Non superan a materia | 4 | | | | | |
| | | | 3 | | | | | |
| | | | 2 | | | | | |
| | | | 1 | | | | | |
| | | Non Avaliados | | | | | | |

# CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO DE ESO E DE BACHARELATO

## ESO

Tódolos alumnos deberán:

1. Mostrar interese e ter unha atitude positiva cara a materia.

2. Facer os exercicios de/na clase e os deberes que se lles propoñen para a casa.

3. Traer sempre o material: ordenador, libro de texto, cahier d'exercices, caderno, bolígrafo, lapis etc.
4. Participar o máis activamente posible nas actividades propostas polo profesor na aula

### INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Textos escritos: valoraranse todas as producións escritas do alumno, xa sexan realizadas de forma individual ou en grupo. Ao longo do curso o profesor propoñerá algunha actividade individual para a súa realización en clase e recollerase ao final desta. Estas actividades serven como elemento de contraste co deducido na observación directa en clase.

Caderno de clase e cahier d'exercices: Poderá ser recollido ou observado sen previo aviso ao longo do curso. Valorarase o seu contido, a limpeza e a expresión gráfica e escrita. Deberá estar completo, contendo apuntes persoais e as actividades realizadas. Será entregado cando o profesor o solicite .

Producións orais: Farase unha observación das intervencións orais do alumno en clase. Valorarase o nivel de comprensión. En canto a expresión atenderase á fluidez, á corrección gramatical, sintaxe, uso de vocabulario ...adecuados ao seu nivel.

Resolución de exercicios sobre puntos gramaticais, vocabulario etc. concretos propostos en clase.
Observación directa en clase: dela dedúcese a disposición do alumno cara ao traballo tanto individual como en equipo, a constancia, o interese e a predisposición a observar as normas .

Probas escritas: Realizaranse varias probas escritas ao longo do curso . Versarán sobre todos os contidos conceptuais, vocabulario tratados ata o momento da súa realización.

Probas orais: Realizarase un ou varios exames orais en cada avaliación que poden consistir nunha lectura, un diálogo, un vídeo, unha exposición....

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

- Os alumnos terán 3 AVALIACIÓNS
- Non haberá RECUPERACIÓN dos exames de avaliación
- Non haberá EXAME FINAL da materia en xuño

En CADA AVALIACIÓN o exame constará de:

*unha parte escrita sobre as unidades e a materia vistas ao longo da avaliación.

*unha parte oral que consistirá nunha lectura ou un diálogo de textos propostos polo profesor ou unha exposición, vídeo...

*un écoute adaptado ao nivel.

* unha compréhension écrite (non necesariamente en todos os niveis) con temas e vocabulario traballados no transcurso da avaliación.

Poderanse ter en conta as cualificacións obtidas en controles escritos, exercicios, o caderno da área, actividades complementarias, etc.

Para **OBTER A NOTA** de cada avaliación farase a media ponderada das cualificacións obtidas ao longo do Trimestre, valorándoas do seguinte xeito:

• Nota Media dos exames de gramática e vocabulario ...... 55 %

• Nota Media dos exames orais ..... 30 %

• Nota Media de exercicios, caderno, actividades complementarias, atitude ante a materia e valoración directa do traballo diario ...... 5 %

-Queda a criterio do profesor a valoración de todo aquilo que non é estritamente exame (oral/escrito).

Unha vez achada a nota de cada avaliación ou a nota final de Xuño, e en caso de non obter unha cifra exacta senón con decimais, o REDONDEO farase atendendo à disposición do alumno cara a materia, ao traballo, á atención, á participación, ao interese, etc., **e sempre a partir de 0,6**.

**NOTA**: En caso de detectar que o alumno está realizando unha proba de xeito fraudulento ou, simplemente, copiando por un compañeiro, o profesor procederá a retirarlle o exame . A cualificación do mencionado exame será de 0 e faralle media co resto das probas do trimestre.

**A NOTA FINAL DA MATERIA** obterase aplicando as porcentaxes que se detallan a continuación sobre a nota de cada unha das Avaliacións, máis a cualificación obtida no exame do libro de lectura, procedendo do seguinte xeito:

- Nota da 1ª avaliación : ............ 25%
- Nota da 2ª avaliación :............. 35%
- Nota da 3ª avaliación :..............40%

Para obter a nota da **avaliación ordinaria:**

- Alumnado cunha nota media das tres avaliacións igual ou superior a 4: fará as actividades/proxecto proposto polo profesorado da materia durante os 15 días entre a 3 avaliación e a ordinaria. Ese traballo sumará **ata 0,6** a nota final das tres avaliacións.

- Alumnado cunha nota media das tres avaliacións inferior a 4: deberá presentarse a unha proba de recuperación cos contidos mínimos esixibles da materia, para superar a área é imprescindible obter un 5 nela.

**BACHARELATO**

O alumnado de 1º e 2º de Bacharelato, unha vez asentadas as bases de Gramática e Vocabulario adquiridas ao longo da ESO, deben ser orientados na adquisición das competencias en lingua estranxeira, traballando en profundidade as catro destrezas que establece o Marco Común Europeo das Linguas.

- Os alumnos terán 3 AVALIACIÓNS

- Non haberá RECUPERACIÓN dos exames de Avaliación

- Non haberá EXAME FINAL da materia en Xuño

Para OBTER A NOTA de cada avaliación farase a media ponderada das cualificacións obtidas ao longo do Trimestre, valorándoas do seguinte xeito:

Nota Media das probas/ exames de Compréhension Orale : 20%

Nota Media das probas/exames de Compréhension Écrite : 20%

Nota Media das probas/exames de Expression Orale: 20%

Nota Media das probas/exames de Expression Écrite: 20%

Nota Media dos exames de Gramática e Vocabulario: 20%

Se algún alumno/a non entregase **ningunha Expression Écrite** ao longo do trimestre, estará obrigado a facer esta parte como un exame normal de avaliación, e tendo unha única nota.

Unha vez achada a nota de cada avaliación ou a nota final de Xuño, e en caso de non obter unha cifra exacta senón con decimais, o REDONDEO farase atendendo à disposición do alumno cara a materia, ao traballo, á atención, á participación, ao interese, etc. **e sempre a partir de 0,6**.

NOTA: En caso de detectar que o alumno está realizando unha proba de xeito fraudulento ou, simplemente, copiando por un compañeiro, o profesor procederá a retirarlle o exame . A cualificación do mencionado exame será de 0 e fará media co resto das probas da avaliación.

**A NOTA FINAL DA MATERIA** obterase facendo a media entre a nota final de cada unha das avaliacións,

Os alumnos que non superen a materia AO REMATE DO CURSO, deberán presentarse á Proba Extraordinaria de Xuño.

Na convocatoria extraordinaria de XUÑO o exame incluirá toda a materia impartida ao longo do curso . A proba será escrita, e para superar a área é imprescindible obter un 5 nela.

Ao tratarse dunha **PROBA EXTRAORDINARIA**, o alumnado examinarase dos **contidos MÍNIMOS** da materia, que o profesorado que lle imparte clase, lle especificará en base ás unidades vistas en cada trimestre.

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Detallamos a continuación a previsión para este curso:

Para **1º de ESO** intercambio en liña co collège Guynemer de Nancy, actividade para a semana da francofonía (recopilación de cancións francófonas para poñer nos recreos) Actividade para a Chandeleur.

**2º de ESO**: intercambio en liña co collège Guynemer de Nancy, actividade para a semana da francofonía (recopilación de cancións francófonas para poñer nos recreos), actividade para a Chandeleur. Xogo de pistas en Sada.

**3º de ESO**: visita ao Pazo de Oca e actividades didácticas a desenvolver nos xardíns,

intercambio en liña co collège Guynemer de Nancy. Viaxe cultural a París, a última semana de marzo. Actividade na semana da francofonía.

**4º de ESO:**

Visita ao Pazo de Oca e actividades didácticas a desenvolver nos xardíns, viaxe cultural a Paris, a última semana de marzo, preparación DELF SCOLAIRE, actividade na semana da francofonía.

**1º Bacharelato:**

- Viaxe cultural a Paris, a última semana de marzo, preparación DELF SCOLAIRE, actividade na semana da francofonía (contacontos)

**2º Bacharelato:**

- Viaxe cultural a Paris, a última semana de marzo, preparación DELF SCOLAIRE, actividade na semana da francofonía (contacontos)

**Auxiliar de Conversa:** Durante este presente curso 2022/23, como xa sucedeu o ano pasado, contaremos cunha Auxiliar de Conversa compartida co IES Sardiñeira de A Coruña. Compartirá centro polo que teremos 8 horas de clase con ela á semana.

## CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC DO CENTRO

Actualmente a incorporación das TIC á impartición das clases resulta ser un feito habitual e cotidiano.
En todas as aulas do noso centro educativo dispoñemos de ordenadores, acceso wifi e, agora en practicamente todas, pizarra dixital.
Esto nos facilita enormemente que poidamos incorporar o uso das TIC á nosa práctica docente.
Este curso produciuse a incorporación a E-Dixgal de 3º e 4º de ESO, o cal supón que cada alumno/a contará co seu propio ordenador para utilizar na aula; é certo que o Departamento de Francés non se acolleu a esta opción nestes cursos (aínda que sí en 1º e 2º de ESO), pero o feito de que o alumnado conte con ordenadores permítenos traballar de xeito dixital con máis facilidade.
Contamos así mesmo coa posibilidade (é certo que un pouco condicionada) de acceder ás dúas aulas de informática, para que a utilización dos ordenadores sexa máis autónoma e non tan guiada,esta opción, loxicamente, está reservada a Bacharelato.
Todo esto nos facilita poder acceder ás diferentes páxinas webs, Blogs, …. que están na rede e que lles imos dando a coñecer aos alumnos/as paulatinamente.
O propio Departamento dispón dun Blog no que se colgan contidos variados que poden resultar do deu interese.
Outra opción que nos abre moitas posibilidades é a Aula Virtual. Antes da situación vivida por causa da COVID-19 foi utilizada para cousas puntuais e coa finalidade de colgar contidos que lle facilitasen ao alumnado a revisión de contidos, léxico, etc. A partir do estado de alarma co conseguinte confinamento, resultou ser o medio máis eficaz para traballar co alumnado a partir de 3º de ESO ata 2º de Bacharelato.

**Desde finais do curso pasado, o Departamento está subscrito á Plataforma Zexperts de FLE, a cal ten actividades secuenciadas que engloban as distintas competencias.**

## CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR DO CENTRO

O Departamento de Francés, ao ser esta una Lingua Estranxeira, presupón, na súa planificación anual, una adicación á lectura sistemática en practicamente todas e cada una das horas lectivas impartidas.
En cada unidade didáctica, hai sempre textos adaptados ao nivel que se abordan na clase, sexa como lectura silenciosa, sexa como lectura en voz alta.
A posteriori, sempre se trata de verificar que se comprendeu o vocabulario e as estruturas que alí aparecen.
En Bacharelato traballamos regularmente con textos extraídos de xornais franceses, onde se poden apreciar distintos matices da lingua, segundo o xornal elixido.

# ORGANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO

**CURSO 2022-23**

## A) HORAS A CARGO DO DEPARTAMENTO

| Materia | Curso | Grupos | Horas/Grupo | Total Horas |
|---|---|---|---|---|
| Francés 2ª L | 1º ESO | 4 | 2 | 8 |
| Francés 2ª L | 2º ESO | 4 | 2 | 8 |
| Francés 2ª L | 3º ESO | 1 | 3 | 3 |
| Francés 2ªL | 4º ESO | 2 | 3 | 6 |
| Francés 2ª L | 1º BACH | 1 | 4 | 4 |
| Francés 2ª L | 2ª BACH | 1 | 3 | 3 |

## B) PROFESORADO E DOCENCIAS

| PROFESORADO | CURSOS |
|---|---|
| Armelle Sobrino Heyvaert | 2º ESO (2h), 3º ESO (3 h), 4º ESO (3 h)<br>1º BAC (4 h), 2º BAC (3 h) = 15 horas |
| Sergio Mariño Fariñas | 1º ESO (8 h), 2º ESO (6h), 4º ESO (3h) titoría 1º ESO (1h) = 18 horas |

O Departamento de Francés está composto por polos seguintes membros:

SOBRINO HEYVAERT, ARMELLE (xefa do departamento)

MARIÑO FARIÑAS, SERGIO

Sada, a 19 de setembro de 2023

## REFERENCIAS LEGAIS.

*Artigo 13 da RESOLUCIÓN do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2018/19 para o desenvolvemento do currículo establecido no Decreto 86/2015.*

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).

- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).

- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).

- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (Artigo 51)


I.E.S.
ISAAC DÍAZ PARDO